especial e_scena

# paraíso

Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios
e da Rede Galega de Salas

Nº 5 / XANEIRO 2009

## Teñen a palabra
Os autores dramáticos galegos reclaman presenza

## Teatro de Ningures

Unha fábrica de soños a pleno rendemento
## Teatro infantil

## A danza de Jesús Quiroga

# TEATRO SEN CANCELAS
O enxeño, a paixón e o compromiso da nova escena galega



XUNTA DE GALICIA

culturavai

www.culturavai.info

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

A Rede Galega de Teatros e Auditorios e a Rede Galega de Salas abren o seu primeiro período de programación para 2009, de xaneiro a xuño, cunha nova aposta polo teatro, a música, a danza e a maxia feitos en Galicia. Tanto é así, que ao longo destes seis primeiros meses do ano o público galego terá a oportunidade de asistir –a través destes dous circuítos de distribución de espectáculos que promove a AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) cos concellos e as salas privadas galegas– a 550 funcións de todos os estilos e xéneros escénicos.

Nesta nova etapa, dámoslle a benvida, ademais, a un novo espazo escénico de iniciativa privada que pasa a formar parte da Rede Galega de Salas. Trátase da Sala The Star, que desde o concello de Carral (A Coruña) será un foco máis para a nosa expansión.

Os últimos traballos de grupos novos compartirán carteleira por toda a xeografía galega coas compañías máis consolidadas, as linguaxes escénicas máis contemporáneas co teatro de actor de sempre, as propostas específicas en función de idades coas montaxes para todos os públicos, o teatro baseado en textos de autor cos de creación colectiva ou a danza actual cos espectáculos de ilusionismo, novo circo ou música de cámara. Tal é a riqueza de creación e de produción da que neste momento goza a escena galega.

Este número 5 de *Paraíso* quere ser, unha vez máis, compañeiro de viaxe, para o que, neste seu novo encontro co público-lector, se presenta cunhas páxinas realizadas desde a perspectiva de recompilar, enfocar e ofrecerlles aos seus seguidores unha visión actual de distintos eidos que compoñen o traballo escénico de hoxe en día en Galicia. Así, ademais de incluír reportaxes sobre compañías máis que recoñecidas –como son Ningures, en teatro, e Jesús Quiroga, en danza–, quixemos achegarnos ás inquedanzas dunha representación dos nosos dramaturgos, das novas formacións e tendencias e do teatro infantil. *Paraíso* será así, ademais, unha tarxeta de presentación complementaria á cada vez máis sensible presenza de espectáculos galegos nas importantes citas do sector que se realizan fóra de Galicia, entre elas a próxima Muestra de Teatro de las Autonomías, de Madrid, na que o noso teatro será protagonista este ano.




**Teñen a palabra**
Falan os autores dramáticos galegos 4-9





**Teatro sen cancelas**
O desembarco dunha nova xeración de creadores e compañías 10-15





O traballo comprometido de
**Teatro de Ningures** 16-19

Comentario **Manuel Xestoso**
*Teatro contra a crise* 20

Programación **xaneiro-xuño 09** 21-28





**Teatro infantil: unha fábrica de soños a pleno rendemento** 30-33





**Jesús Quiroga. Poesía en danza** 34-37

Comentario **Lupe Gómez**
*Sístole e diástole* 39

**Breves / Dende o paraíso** 44-45



**PARAÍSO** é unha revista de información e promoción das actividades da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas que se distribúe de xeito gratuíto en espazos escénicos galegos.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais. Consellaría de Cultura e Deporte.
PRESIDENTA: Ánxela Bugallo Rodríguez.
DIRECTOR: Miguel Martín Fernández.

CONSELLO DE REDACCIÓN: Marcelina Calvo, María Paredes, Ana Rosales.
COORDINACIÓN: Área de Comunicación da AGADIC.
TEXTOS: Noelia Hermida, José Luis Estévez, Ana Miragaya, Ana Rosales.
COLABORAN NESTE NÚMERO: Manuel Xestoso, Lupe Gómez.
REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Ramiro Combo.
FOTOGRAFÍAS: Ovidio Aldegunde, Uqui Permui, cesións de compañías e arquivo da AGADIC.
DESEÑO E MAQUETACIÓN: Uqui lllll Cebra.
Impresión: Litonor. Tiraxe: 9.000 exemplares.
I.S.S.N.: 1887-8164 / D.L.: C 963-2007

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

**AGADIC** Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info



Roberto Salgueiro
Rubén Ruibal
Raúl Dans
Á
Teresa González Costa **teñen a**
Imma António
Cándido Pazó
Carlos
Paula Carballeira
Euloxio R. Ruibal

# OS AUTORES DRAMÁTICOS GALEGOS RECLAMAN PRESENZA

ELES E ELAS SON OS CONSTRUTORES DE SOÑOS QUE ACABAN CONVERTÉNDOSE NAS OBRAS DAS QUE PODEREMOS GOZAR SOBRE OS ESCENARIOS. A DRAMATURXIA GALEGA VIVE UN MOMENTO QUE PODERÍA CUALIFICARSE DE HISTÓRICO POLA GRAN CANTIDADE E CALIDADE DOS AUTORES QUE TRABALLAN DENTRO E FÓRA DO PAÍS. A MAIORÍA DELES NON SE CONFORMAN COA ESCRITA, SENÓN QUE MOITOS TIVERON E TEÑEN EXPERIENCIAS NOUTRAS FACETAS TEATRAIS COMO A INTERPRETACIÓN E A DIRECCIÓN. ALGÚNS ESCRIBEN PARA COMPAÑÍAS E OUTROS ELABORAN OS SEUS TEXTOS SEN SABER SE ALGÚN DÍA SERÁN ESTREADOS.

A opinión dominante entre os autores cos que falou *Paraíso* é que, a pesar de que agora existen máis compañías e máis espazos para o teatro, segue a ser moi difícil poder vivir exclusivamente da escrita para a escena. Porén, no que coinciden tanto os máis novos coma os veteranos é na satisfacción persoal que implica a creación dunha obra dramática como o que os motiva a seguir escribindo. A súa é unha tarefa ás veces difícil e sempre solitaria, pero non renuncian por isto ao desexo de veren as súas obras estreadas ante o público.

Neste sentido, iniciativas como as desenvolvidas desde o Centro de Creación Dramática Contemporánea, dependente do Centro Dramático Galego, están a




"O TRABALLO DE ACTRIZ PERMÍTEME TER UNHA VISIÓN MÁIS ESCÉNICA Á HORA DE ESCRIBIR. TEÑO MOI PRESENTE QUE O TEXTO QUE ESCRIBO É PARA SER DITO E PROCURO TER EN CONTA NA MEDIDA DO POSIBLE AS DIFICULTADES INTERPRETATIVAS E DE MONTAXE ESCÉNICA QUE OFRECE. A PUBLICACIÓN DE TEXTOS NON É ALGO QUE ME PAREZA FUNDAMENTAL, HOXE EN DÍA EXISTEN MEDIOS DE DIFUSIÓN IGUALMENTE VÁLIDOS. O TEXTO IMPRESO TEN UN AQUEL ROMÁNTICO, PERO HOXE POR HOXE EMOCIÓNAME MÁIS SENTIR OS MEUS TEXTOS NO CORPO E NA VOZ DOS ACTORES E ACTRICES QUE OS ENCARNAN"

Clara Gayo

proporcionar espazo e medios para que as novas xeracións de dramaturgos galegos teñan un lugar de referencia onde desenvolver a súa creatividade cun final de escenificación certo. Calquera apoio aos nosos autores é necesario, tendo constatado que unha das tarefas pendentes do sistema segue a ser un maior axuste, no tocante á autoría galega actual, entre os títulos escritos e os representados.

Unha das grandes figuras da nosa literatura dramática, Manuel Lourenzo, recente Premio Nacional da Cultura Galega na categoría de Artes Escénicas, explica que no seu caso non hai unha separación mental á hora de dirixir, interpretar ou escribir. "Todo forma parte do mesmo proceso. Para min o teatro é



**4.48 PSICOSE**
Nut Teatro

Autora: Sarah Kane / Dirección: Carlos Neira
Elenco: Carlos Neira, Arantza Villar / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Nut Teatro leva a escena o último texto de Sarah Kane, autora británica xa desaparecida. Unha viaxe entre a lucidez e a loucura que fai da súa propia morte a obra de arte final. *4.48 Psicose* é a milimétrica e arrepiante crónica do suicidio que a autora cometería tres meses despois da súa escrita, a obra de arte final, creatividade en estado puro a través das palabras, da súa dor inmensa, da súa desesperanza, da súa lucidez brutal. Unha dramaturxia da morte que é toda unha declaración de vitalismo.

+ info. en: *www.nutteatro.es*



**7 CONTOS CAPITAIS (HISTORIAS PARA PÍCAROS ADULTOS)**
Os Monicreques de Kukas

Autor: Marcelino de Santiago "Kukas" / Dirección: Isabel Rey / Elenco: Marcelino de Santiago "Kukas", Mario Tomás López, Borja Insua e Raquel Queizás
Xénero: Teatro adultos/Monicreques

Historias nas que a gula, avaricia, luxuria, preguiza, envexa, soberbia ou ira das personaxes se van entrelazando ofrecéndonos unha visión satírica e grotesca destas, coa que se reflexiona sobre as miserias e debilidades humanas sempre desde un punto de vista de humor ácido. Recupérase así un dos aspectos máis tradicionais do teatro con marionetas, o seu carácter de crítica e sátira social.

+ info. en: *http://kukas.biocultural.net*



**A PENSIÓN**
Redrum Teatro

Autores: Alex Sampayo, Víctor Sierra e María S. Ferreiro
Dirección: Alex Sampayo / Elenco: Rosa Álvarez, Guillermo Carbajo e Tamara Canosa / Xénero: Teatro adultos/Drama

*A pensión* é un conto de suspense que explora as consecuencias da soidade. Mergúllase nun mundo interior complexo, produto do abandono, do illamento e da falta de comunicación. Fala de como todos estes factores poden corromper o ser humano e despoxalo da capacidade de emocionarse e ser feliz. E de como isto desemboca nunha existencia gris, marcada polo silencio, pola desconfianza e a obsesión. Unha vella dominante e a súa irmá. Un mozo engaiolado nunhas mans maternais. Bonecas que falan e coñecen escuros segredos. Un conto gris sen final feliz.

# teñen a palabra

"Empecei facendo teatro aos nove anos e pouco despois comecei a escribir, para min foi unha cousa moi natural. Síntome cómoda escribindo e actuando ao mesmo tempo. Dalgún xeito ambas as actividades se complementan, porque o feito de escribir para teatro axúdame a interpretar e viceversa. Boto en falla un apoio decidido á dramaturxia galega por parte dos mesmos galegos e tamén dos políticos, que poderían apoiar do mesmo xeito a dramaturxia como fan coa narrativa"

Imma António





tan necesario como respirar", sinala Lourenzo, quen cre que nestes momentos os autores precisan máis ca nunca exercer a súa liberdade e escribir sen atender ás servidumes dos intereses comerciais ou políticos. "De todos os xeitos, vexo que aquí temos pequenas insurreccións que son esperanzadoras", engade Lourenzo, que ve os novos talentos da escrita con moitas calidades e lles pide que coiden o "tesouro" que supón a lingua galega.

A ese tesouro contribuíron a darlle brillo autores como Roberto Vidal Bolaño, unha das figuras claves para entender

"Todo forma parte do mesmo proceso. Para min o teatro é tan necesario como respirar"

Manuel Lourenzo

moitas cousas do teatro galego actual. Con el tiveron a oportunidade de traballar escritores como Rubén Ruibal, que obtivo o máximo galardón da literatura dramática estatal no ano 2007 e que é un dos estandartes da nova escrita galega. Ao seu xuízo, os autores son, ao mesmo tempo, un dos colectivos máis destacables do teatro galego e tamén un dos máis desfavorecidos: "O problema é que o autor que non ten compañía non existe salvo lotaría, e a maioría das compañías que non teñen escritor propio dedícanse máis a engordar o currículo a base de autores clásicos ou vivos pero de



"O PROBLEMA É QUE O AUTOR QUE NON TEN COMPAÑÍA NON EXISTE SALVO LOTARÍA, E A MAIORÍA DAS COMPAÑÍAS QUE NON TEÑEN ESCRITOR PROPIO DEDÍCANSE MÁIS A ENGORDAR O CURRÍCULO A BASE DE AUTORES CLÁSICOS OU VIVOS PERO DE FÓRA, ANTES QUE A COMPROBAR QUE TEATRO SE PODE FACER COS AUTORES DE PRETO"

Rubén Ruibal





fóra, antes que a comprobar que teatro se pode facer cos autores de preto". Entre os seus desexos para que as cousas melloren no futuro, Ruibal sinala a necesidade de prestar máis apoio institucional ás asociacións de teatro afeccionado e que se empece a crear "canteira e público".

### De encargo ou por libre

Un dos retos que se lles presenta aos autores é o de escribir as súas obras por encargo ou facelo sen máis, coa dúbida de saber se algún día verán estreada a súa

"Á XENTE QUE NON TRABALLA PARA UNHA COMPAÑÍA PROPIA LLE RESULTA MOI DIFÍCIL PODER ESTREAR OS SEUS TEXTOS. NESTES MOMENTOS É MÁIS FÁCIL ACCEDER Á EDICIÓN POLAS VANTAXES QUE SUPÓN UN MEDIO COMO A INTERNET. BOTO EN FALLA QUE AS COMPAÑÍAS POÑAN EN MARCHA PROXECTOS SERIOS E QUE ELAS MESMAS APOSTEN POLO ESPECTÁCULO QUE VAN FACER E NON SE LIMITEN A CUBRIR O EXPEDIENTE. SÍNTOME UN AUTOR PRIVILEXIADO POLA OPORTUNIDADE QUE TIVEN DE ESTREAR UNHA OBRA EN 2008 A TRAVÉS DA COLABORACIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO"

Jacobo Paz




**A PREGUIZA (LA FIACA)**
Teatro del Andamio

Autor: Ricardo Talesnik / Dirección: Álvaro Guevara
Elenco: Anxo Tirado, María Lodeiro, María Martín, Carlos Martín e Bárbara Grandío / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Manolo esperta un luns e decide non ir traballar; ten preguiza... quere quedar na cama, adurmiñar, non facer nada, xogar como cando era rapaz. Esta decisión de Manolo fai que só en tres días o seu matrimonio rompa e que o Estado entre nunha crise profunda de valores éticos. O mundo está en perigo! Mentres... Manolo xoga aos vaqueiros cun compañeiro de oficina.

+ info. en: *www.teatrodelandamio.com*



**A VIDA DE ROSA, DÍA TRAS DÍA**
Compañía Mariclown

Autor: Mariclown / Dirección: Mariclown
Elenco: Sabela Amado Rojo e Teresa Raña Pol
Xénero: Teatro adultos/Outros

"Esta é a historia de Rosa; ben, non exactamente. Digamos que é a historia de todas as Rosas, ou cando menos de dúas Rosas que somos todas as demais. É dicir, que Rosas somos todas aínda que non nos chamemos Rosa. Ou sexa, que esta é a historia de tres Rosas distintas e unha soa Rosa verdadeira...". Así comeza este espectáculo, creado por mulleres que nos queremos rir de nós mesmas... e rimos moito.

+ info. en: *www.babeldesons.com*



**A VOLTA DO PARAFUSO**
Encena Produccións Artísticas

Autor: Henry James / Dirección: Eisenhower Moreno e Roberto Cordovani / Elenco: Eisenhower Moreno e Roberto Cordovani / Xénero: Teatro adultos/Outros

Esta adaptación do clásico do autor Henry James é tanto un conto de terror como unha historia de amor (ou de varios casos de amor). Unha ama de chaves é contratada para coidar dos pequenos dunha familia nunha casa de campo inglesa. Logo de chegar, recibe a noticia: un dos nenos fora expulsado do internado. Misteriosamente, a escola non deu unha razón moi clara. Despois dese acontecemento, a gobernanta ve o vulto asombroso dun home. Pola descrición, trátase dun antigo criado, Quint, xa morto. A ama de chaves cre que os nenos están sendo influenciados polos malos espíritos.

+ info. en: *www.tal2005.com*



**ADOS@DOS**
Uroc Teatro

Autor: John Petrof / Dirección: Juan Margallo
Elenco: Juan Margallo e Petra Martínez
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

De dous en dous, nun chalé acaroado, viven eles, EL e ELA, e outros moitos dous. Estes son os máis ados@dos de todos, ata o punto de que non se podería distinguir moi ben quen é un e a outra, ou a outra e o un, que ao non saberen quen son, difícil sería saber quen senta á esquerda e quen á dereita do espectador. Postos a opinar, opinan sobre todo. Sobre a emigración, sobre a seguridade, sobre os tránsfugas, sobre a política e, sobre todo, sobre o que está ocorrendo no momento: o teatro, que adoita ser tan falso como a vida mesma...



**AEROPLANOS**
Lagarta, Lagarta

Autor: Carlos Gorostiza / Dirección: Rosa Álvarez
Elenco: Ernesto Chao e X. M. Olveira "Pico"
Xénero: Teatro adultos/Comedia

"*Aeroplanos* é unha comedia: de texto, de intriga, idealista, enxeñosa e de linguaxe sutil. Sabemos que rir é unha defensa contra a angustia e, de maneira moi xeral, a comedia é o lugar de todos os alivios posibles. É unha viaxe da vida, dun instante, dun segundo. Unha viaxe onde o tempo, medible por un reloxo, non ten ningunha importancia, dunha viaxe que ten un minuto, nada máis, pero este minuto... dentro... teno todo". Rosa Álvarez.



**ANIMALES ARTIFICIALES**
Matarile Teatro

Autora: Ana Vallés / Dirección: Ana Vallés / Elenco: Helen Bertels, José Campanari, Mónica García, Mauricio González, Iván Marcos, Ricardo Santana, Ana Vallés, Hugo Portas e Ramón Vázquez / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

"Hai xente que ten a capacidade de imaxinarse como outra persoa e hai xente que non a ten (cando esa carencia é extrema, chamámoslles psicópatas). E hai xente que ten esa capacidade pero decide non poñela en práctica". Coetzee: *Elizabeth Costello*. Sobre a empatía e o equilibrio entre o que queda do noso animal e os mundos artificiais que habitamos. Dunha banda, somos seres máis ou menos sensibles e a miúdo expresámolo espontaneamente. Doutra, neste espazo compartido que inventamos non nos queda outra que cumprir as putas normas desde que nos erguemos ata que nos deitamos.

+ info. en: *www.matarileteatro.com*

# teñen a palabra

"Para min, simultanear a escrita con outros traballos dentro da compañía Cachuzo é un dobre esforzo, pero hai que facelo. Sería moi bo contar con máis produtores que procurasen os autores para un proxecto concreto. En Galicia temos moitos e bos escritores para teatro, o problema é que hai poucas compañías que poñan en escena as obras dos autores vivos. Existen francotiradores que escriben na súa casa, pero están á marxe da estrutura teatral e saben que é moi complicado conseguir estrear e incluso publicar"

Carlos Losada





"Se por fortuna o número de mulleres que escriben teatro pode equiparse ao dos homes, creo que responde a factores sociais e a que a muller vai ocupando lugares nos que a presenza masculina se daba por suposta, pero non así a feminina. Hai que fomentar a montaxe e a distribución fóra de Galicia de textos de autores galegos e tamén a participación galega en intercambios e foros de debate. Hai moitos camiños para dar a coñecer a creación teatral galega"

Paula Carballeira

peza. Ruibal confesa que prefire a liberdade absoluta, aínda que recoñece que as obras feitas para compañías tamén teñen as súas vantaxes. Pola súa banda, Ánxeles Cuña, que escribe habitualmente para a compañía Sarabela, considera "moi pracenteiro" traballar dentro dun equipo cun proxecto común, pero apunta que tamén lle atopa sentido ao feito de escribir textos sen a seguridade de que se vaian ou non a representar. "A escrita é un desexo, unha necesidade que anda ceiba", sinala Cuña, quen non ve dificultade ningunha en compaxinar a escrita coa dirección, xa que son dous oficios "engaiolantes" –di, ao tempo que non dubida en contrapoñer o carácter íntimo da primeira coa maior vistosidade que rodea a segunda.

Gustavo Pernas tamén adoita escribir para unha compañía, Ancora, aínda que recoñece que ás veces necesita facer algo distinto. De todos os xeitos cre que é "un privilexio" poder escribir sabendo que a túa obra vai a estrearse sobre o escenario. "A verdade é que en moitas ocasións quedan sen montar obras que son moi interesantes. Neste momento temos unha dramaturxia potente en Galicia e diso dáste conta cando saes fóra e ves que a xente o comenta", explica Pernas.



"A saúde da escrita teatral no noso país é excelente, sobre todo se temos en conta a relación entre o número de autores e os habitantes que temos.
A calidade dos textos sempre é opinable, pero contamos con figuras de renome que poden ser referencias no panorama do teatro europeo. Un dos problemas que temos é que non hai moito ánimo para estrear textos de autores galegos. Non avogo por unha política proteccionista, pero se o teatro demanda apoio pola súa particularidade cultural, os dramaturgos tamén necesitamos esa axuda. A endogamia é un dos males do teatro en xeral, non só no caso de Galicia"

Roberto Salgueiro



"Aquí hai autores que escriben moi ben pero non contemplan a escrita dramática como profesión porque ven que non ten saída"

Teresa González Costa

Cándido Pazó apunta que, no seu caso, escribir sempre coa intención de montar un espectáculo supón máis unha necesidade que unha virtude. "Trato de aproveitar as vantaxes que me ofrece coñecer o material humano que vai encarnar a miña escrita, e así ver de optimizar as súas potencialidades en beneficio mutuo", subliña o dramaturgo, director e actor, que bota en falla unha maior presenza dos textos dos autores galegos nas producións das linguas máis próximas, como é o caso do castelán e o portugués.

A visibilidade dos autores galegos fóra da comunidade autónoma é unha das cuestións na que coinciden a maioría dos consultados: a calidade dos textos dramáticos feitos en Galicia non se corresponde coa súa escasa presenza noutros territorios. Para algúns, o problema é incluso máis grave, como sinala o escritor e guionista de televisión Raúl Dans ao facer notar que a dramaturxia galega segue a ser invisible nos escenarios, nas librarías e nos programas de estudo. "O teatro en galego como xénero literario non ten nada que envexarlle á produción en narrativa e poesía en galego", sentencia.

Euloxio R. Ruibal apunta, na mesma liña, que a presenza dos autores dramáticos galegos noutros lugares non representa "nin a metade" da que teñen os narradores ou os poetas. O dramaturgo e académico considera que a situación dos autores mellorou respecto da que tiñamos hai uns anos, aínda que "en xeral, só estrean os que teñen compañía propia".

A escritora grovense Teresa González Costa, que gañou este ano os premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María, viviu os dous últimos anos en Xenebra e conta que alí tamén se preguntan por que o seu teatro non se coñece máis fóra do seu país. "Alí teñen problemas semellantes aos nosos, como a falta de espazos para autores contemporáneos. Aquí hai autores que escriben moi ben pero non contemplan a escrita dramática como profesión porque ven que non ten saída", explica González, quen nestes anos compatibilizou a súa faceta de escritora con outras ocupacións.



**ANXELIÑOS**
Espello Cóncavo

Autor: Roberto Vidal Bolaño / Dirección: Arturo López
Elenco: Fernando Morán, Rodrigo Roel, Estíbaliz Veiga, Manu Fernández e Isabel Martínez Risco
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Charli, ex-policía franquista, dirixe unha axencia de cobro de morosos. Xunto con el, Leti, a súa filla; Chema, o xenro; Tigre, vello amigo, tan fiel como inútil; e Sor Anxélica, unha monxa empeñada en salvar almas á forza. Charli e os seus serán capaces de calquera cousa con tal de salvar a axencia, incluso pactar co diabólico gánster Damián...

+ info. en: *http://espelloconcavo.com*



**ARTE**
Fulano, Mengano e Citano

Autora: Yasmina Reza / Dirección: Celso Parada
Elenco: Manuel Álvarez, Xosé M. López Conde e Manuel Pombal / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Serxio acaba de mercar un cadro totalmente branco que lle custou unha morea de cartos. O seu amigo Marcos, que odia a arte moderna, non comprende que a alguén se lle poida ocorrer pagar por "semellante trapallada". Entón intervén Iván, o terceiro en discordia, que intenta mediar entre ambos os dous pero acaba metido no enredo. Humor ácido e brillante para amosarnos curiosas actitudes ante a vida.



**AS DESVENTURAS DE CARME, GELINES E DON JOSÉ**
San&San

Autor: San&San / Dirección: San&San / Elenco: Pablo Sánchez, Carlos Sante e Xaquín Domínguez
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Espectáculo cómico sobre o particular xeito de ver o mundo, a vida e a morte de dúas vellas inseparables que conviven no noso querido e escuro rural galego, en consonancia co seu benquerido e pobre párroco D. José, que terá que sufrir mil e unha veces as falcatruadas das súas "insoportables" freguesas. Aproveitando o éxito acadado por estas tres personaxes no programa *Luar* da TVG, San&San atrévese a levar a escena os seus mellores momentos, en vivo e en directo, e sen censuras. Humor ao bravo non apto para menores de 85 anos.

+ info. en: *www.sanesan.com*

As súas traxectorias, aínda que recentes, avanzan con paso firme polos camiños transfronteirizos das chamadas novas tendencias escénicas, aquelas onde o teatro é tamén danza, música, *performance*, vídeo, circo ou cabaré, e onde as barreiras se dilúen na procura de espectáculos totais e directos ás emocións. O panorama teatral galego asiste nos últimos tempos ao desembarco dunha xeración de creadores e compañías que, desde múltiples perspectivas escénicas, comparten o enxeño, a paixón e o compromiso coa súa arte. *Paraíso* falou con sete dos seus integrantes sobre os diferentes vieiros que percorre esta nova escena galega.

# SEN CA

## TEATRO



Teatro contemporáneo, experimental, alternativo, emerxente… Moitos son os adxectivos para un ámbito difícil de acoutar e que, de feito, ten na amálgama de códigos, formatos e estilos o seu principal sinal de identidade. Neste terreo de límites difusos sitúanse, entre outras, as últimas propostas de Compañía Teatro Ensalle, D2, Iván Marcos, Nut Teatro e Voadora, xunto con espectáculos como os de Pistacatro ou Duelirium que, malia teren unha máis doada clasificación baixo a etiqueta de novo circo, se caracterizan igualmente pola súa mestizaxe de linguaxes escénicas.

Atopámonos, na meirande parte dos casos, ante grupos creativos cunha estrutura aberta, dinámica e moi participativa. Deste xeito funciona, por exemplo, a compañía do Teatro Ensalle á hora de abordar cada novo proxecto, aínda que –como aclara o seu director e dramaturgo, Pedro Fresneda– “non se trata exactamente de creación colectiva, senón máis ben dun traballo en paralelo, dunha posta en común durante todo o proceso”. A este ambiente de diálogo creativo contribúe, asemade, o feito de que a compañía conte cun espazo de seu, a sala homónima que xestiona en Vigo, a través do que o equipo está en comunicación permanente con outros creadores e outras formas de traballar. “Podería dicirse que a evolución da compañía é paralela á da sala. Nos últimos espectáculos estamos incorporando moita danza, como tamén estamos programando moita danza na sala, facendo coproducións con compañías como Provisional, organizando cursos… Todo isto permítenos ter un contacto moi directo cos creadores, impregnarnos do seu traballo e establecer un *feedback* moi enriquecedor”.




De esquerda a dereita:
Raquel Oitavén (Duelirium),
Diego Freire (D2), Marta Pazos (Voadora),
Mercè Solé (Duelirium),
Carlos Neira (Nut Teatro) e Iván Marcos

Esta dobre experiencia como creador e programador proporciónalle, ademais, unha perspectiva privilexiada sobre o estado da produción contemporánea en Galicia: “Pouco a pouco, os espazos da Rede Galega de Teatros e Auditorios comezan a botar man deste tipo de teatro, dun teatro vivo que non só xera senón que tamén sostén públicos, e que é ademais o que se está a exportar maioritariamente”, asegura ao tempo que valora iniciativas institucionais, como as residencias artísticas e as coproducións promovidas desde o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego, e cualifica de “vital” o papel desenvolvido polo Teatro Galán de Santiago como estimulador da escena galega, especialmente no caso da danza: “A partir de aí xurdiron moitas cousas”, sentencia.

Precisamente no contorno creativo desta sala compostelá ten a súa orixe a compañía D2, á que a excelente acollida das súas *Flores migratorias* lle permitiu probar sorte fóra das habituais canles de distribución da escena alternativa e chegar a un público menos acostumado a este tipo de ofertas. Teresa de la Hera, directora deste espectáculo e de *Queremos bailar!* –a súa máis recente produción–, considera que aínda quedan tópicos que superar canto ao teatro contemporáneo: “Nós levamos a vida cotiá ao escenario, de xeito que calquera espectador pode sentirse identificado. O feito de empregar diferentes tipos de linguaxes pode chegar incluso a facilitar a conexión co público, coas súas emocións, no canto de dar lugar a un teatro difícil de entender. Non é necesario facer teatro abstracto para facer teatro de calidade. No noso caso, buscamos a reflexión a través do humor e das emocións”.

### Acción vs. reflexión

Partindo igualmente do humor e da vulnerabilidade, o polifacético Iván Marcos busca, porén, elaborar propostas “que inciten máis á acción que á reflexión”. No seu regreso a Galicia tras anos de preparación e traballo no Reino Unido, o artista coruñés percibe un considerable cambio na escena contemporánea galega, aínda que coincide con Pedro Fresneda en sinalar as carencias no que se refire á formación específica como unha eiva que, como no seu caso, algúns artistas intentan superar con estadías máis ou menos longas fóra da casa. “Non hai unha infraestrutura creada. Si é certo que contamos con máis apoios a nivel de produción, pero faltan, por exemplo, espazos nos que poder desenvolver un traballo máis continuado”, apunta.

Para Iván Marcos, “existe un importante público potencial entre aqueles que teñen unha idea moi enconsertada do teatro e que buscan a novidade, as novas tendencias, noutro tipo de formatos culturais”. É aquí, pois, onde a utilización coherente das tecnoloxías dixitais ao servizo do espectáculo ten aínda terreo por gañar. Carlos Neira, director artístico de Nut Teatro, cre tamén que, “a pesar de que o termo experimental esperta sempre un certo receo, hai unha necesidade de novas cousas, unha demanda real que, aínda que non é maioritaria, non tardará en selo”. “Esta xeración de artistas que traballa na busca de novos códigos para a escena conecta directamente cun tipo de espectadores que está en contacto coas novas tecnoloxías, a través das que desenvolve unha forma de comunicación que ten moito que ver con esas linguaxes escénicas. Outra cousa é que ás compañías lles resulte doado chegar a eles a través dos escenarios”, conclúe.

### Creación participativa

Marta Pazos cualifica de “ilusionante” o que está sucedendo na escena galega, especialmente en Compostela, cidade que hai uns anos foi testemuña dos primeiros pasos profesionais dunha nova fornada de artistas que, tras diversas experiencias fóra de Santiago, regresan agora cos seus propios proxectos baixo o brazo. No seu caso, faino con *PeriFeria*, a primeira produción da compañía galego-portuguesa Voadora que creou xunto a Hugo Torres.



Teatro Ensalle, *105 pasos o la mecánica de la carne*

Fotografía: Iván Jerez

## COMPAÑÍA TEATRO ENSALLE

Aínda que nace en Madrid en 1995, Teatro Ensalle establécese en Vigo no ano 2003 para abrir e xestionar a primeira sala alternativa da cidade. O traslado supón un punto de inflexión para esta compañía de “creación e investigación”, que comeza entón a desenvolver unha dramaturxia propia, de marcado carácter social e político, a través da que ofrece unha ollada incisiva e descarnada da realidade: *Oco* (2005), *Te has perdido el mar* (2006), *Te voy a echar de menos* (2007, xunto a Provisional Danza), *La estrategia del avestruz* (2007) e *105 pasos o la mecánica de la carne* (2008). Pedro Fresneda é o seu dramaturgo e director, e Raquel Hernández, Artús Rei, David Santos, Gabriel Celester e José Martínez Calvo integran na actualidade o equipo artístico.

O seu debut, para o que contaron coa dirección da catalá Montse Triola, é ademais exemplo paradigmático desa creación participativa na que todo o equipo se involucra directamente en cada parte do proceso: neste "espectáculo calidoscópico" o produtor e mais o técnico interactúan cos actores sobre o escenario nunha sorte de brincadeira metateatral, cun destacado compoñente performativo.

O novo circo galego atopa tamén o seu lugar nesta nova paisaxe escénica pola súa propia idiosincrasia multidisciplinaria, que está a traducirse en proxectos integrais e integradores nos que o circo dialoga co teatro, a música e a danza. É o caso das últimas propostas presentadas por Pistacatro Produtora de Soños, *Purgatorio* e *Ringorrango*, que –como explica Pablo Reboleiro, un dos integrantes da compañía– combinan a faceta máis circense coa música en directo e un traballo interpretativo moi próximo ao teatro físico.

Este movemento artístico, que ten o seu xermolo na Asociación de Circo e Cabaré Pistacinco, cambia as carpas polas rúas e os teatros, conseguindo cativar todo tipo de públicos. Non é para menos á vista de montaxes como as de Duelirium, unha das últimas incorporacións ao novo circo galego, nas que sensibilidade e espectacularidade van da man. Raquel Oitavén, o cincuenta por cento deste dúo integrado tamén por Mercè Solé, amósase ilusionada ante o reto que supón coller as rendas da súa propia compañía: desde a súa polivalencia artística, asumen tamén as tarefas de xestión e produción, sen descoidar o esixente adestramento e os controis de seguridade que requiren a danza vertical e as acrobacias aéreas nas que son especialistas.



Iván Marcos



D2, *Queremos bailar*

## D2

Diego Freire e Manu Lago crean en 2005 esta "compañía galega das artes escénicas contemporáneas" como formación asociada ao Teatro Galán de Santiago. Tras o seu debut en 2006 con *Figurantes*, estrean dous espectáculos dirixidos por Teresa de la Hera: *Flores migratorias* (2007), montaxe chea de frescura e sinceridade coa que participarán na próxima edición da Muestra de Teatro de las Autonomías, e o máis recente *Queremos bailar!* (2009), no que abordan as paixóns como detonantes do mellor e o peor do ser humano. Así mesmo, o pasado ano 2008 a compañía subiu á escena co seu primeiro espectáculo de danza, *Cos pés na terra (e só cos pés)*, con dirección de Manu Lago. Tamén son parte de D2 Fran Riveiro, Begoña Cuquejo, Cristina Balboa, Paulina Alonso e David Castro.

## IVÁN MARCOS

Actor, bailarín, coreógrafo e artista visual, Iván Marcos regresa a Galicia despois dunha prolífica estadía no Reino Unido, onde, entre outras actividades, cofundou e codirixiu a compañía Hoax Productions. No seu último espectáculo en solitario, *Desires* (2007), atopámonos cun artista total que busca desde o escenario o mesmo que desde a butaca: "asociacións improbables, o incompresible, a beleza (ou a inspiración en como acadala), traer o subconsciente ao consciente". Na actualidade, compaxina o seu traballo para outras compañías –forma parte do elenco de *Animales artificiales*, de Matarile Teatro–, así como para o cine e a televisión, coa preparación do seu próximo proxecto: *Eco*, en coprodución do CDG, onde contará de novo coa colaboración do deseñador de son Christian Wolz e do creador multimedia Alberto Santos.



## DUELIRIUM

A galega Raquel Oitavén e a catalá Mercè Solé coñecéronse hai nove anos en Barcelona, onde dá comezo a súa andaina como "dúo de novo circo" con propostas como *Tangoneando con Nagot*, na que incorporan os pasos do tango á danza vertical. Tras as súas respectivas graduacións no Circus Space de Londres, deciden apostar por este proxecto en común que dotan progresivamente dun maior contido dramático. Así, *X-Tremis* (2005) narra a loita pola fama entre dúas divas do cabaré e do jazz a través da danza e as acrobacias aéreas, mentres que en *O que queda por chover* (2007) engaden outras técnicas circenses, como a contorsión ou os equilibrios, para escenificar as diferentes etapas da vida das mulleres. Desde 2007 teñen a súa base en Santiago, onde compaxinan o traballo nos seus espectáculos coas colaboracións para diferentes compañías e eventos.

## PISTACATRO

O colectivo humano de Pistacatro está integrado por actores, músicos, malabaristas, acróbatas e *clowns* que, tras varios anos compartindo traxectorias artísticas, deciden poñer en marcha a primeira empresa galega dedicada a crear, producir e distribuír espectáculos de novo circo e cabaré. O seu traballo como compañía susténtase na mestizaxe de teatro, música, danza e circo, tal e como exemplifica *Kamikaze* (2007), a súa ópera prima. En 2008 estrea as súas últimas dúas montaxes colectivas: *Purgatorio*, unha provocadora "fantasía retro con estética de cómic e loita libre mexicana", e a máis recente *Ringorrango*, unha proposta pensada para un público familiar onde os tres cómicos-músicos-malabaristas-acróbatas-bailaríns protagonistas fan alarde de todos os seus coñecementos co obxectivo de que o público non pare de rir.







Fotografías: Francisco Arnoso






## NUT TEATRO

O fundador e director da escola de teatro e danza Espacio Aberto, Carlos Neira, e catro das súas ex-alumnas –as actrices Nerea Barros, Xiana Carracelas, Iria Sobrado e Arantxa Villar– conforman o núcleo artístico desta compañía compostelá, fundada en 2006, que aposta por unha teatralidade experimental, interdisciplinaria e en diálogo coas novas tecnoloxías. As creacións colectivas *Corpos disidentes* e *A mirada de Pier*, e a adaptación da obra da británica Sarah Kane *4.48 Psicose* son as súas tres producións en cartel, estreadas todas elas en 2007 e coas que en 2008 participa no Escena Contemporánea de Madrid, no Festival Internacional de Teatro de Expressão Ibérica (FITEI) do Porto e na Mostra SESC Cariri da Cultura, en Brasil. *Wake up* é o título da súa cuarta proposta, que coproducirá co Centro Dramático Galego.




## VOADORA

A directora, actriz e artista plástica galega Marta Pazos e o actor e músico portugués Hugo Torres son os artífices deste proxecto transfronteirizo, con sede en Compostela, que bota a andar en 2007 como plataforma de creación onde se conxugan as diferentes sensibilidades da paisaxe escénica contemporánea. José Díaz e Afonso Castro completan un equipo multidisciplinario que traballa a partir da experimentación, o xogo e a busca de novas linguaxes. *PeriFeria*, creada entre Galicia e Portugal e representada a ambos os lados da raia, é a súa carta de presentación e a primeira parte dunha triloxía –*Lugares comúns*– co fracaso, o esquecemento e o paraíso como eixes temáticos. Voadora prepara xa a segunda entrega: *Super 8*, un musical sobre os mecanismos selectivos da memoria.





### AS VINGADORAS
Maquinaria Pesada

Autor: Maquinaria Pesada / Dirección: John Wright
Elenco: Marian Bañobre, Isabel Risco e José Losada
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Algo cheira a podre aí fóra, haberá que investigar e enfrontarse a quen ou ao que sexa. Coa súa preparación e coñecementos, as astutas Emma e Pili, unha vez máis, resolverán un caso de máxima importancia para a sociedade galega. Este tándem é convocado unha vez máis pola Nai para resolver un novo enigma: Cal será desta vez? Que aventuras as agardan? Sairán airosas deste novo reto? Sobrevivirán? Supervivirán?...

+ info. en: *www.maquinariapesadateatro.com*



### BAILADELA DA MORTE DITOSA
Teatro de Ningures

Autor: Roberto Vidal Bolaño / Dirección: Etelvino Vázquez / Elenco: Sonia Rúa, Fran Paredes, Pepa Barreiro, Santiago Cortegoso, Mónica Camaño, Salvador del Río e Casilda García / Xénero: Teatro adultos/ Contemporáneo

*Bailadela da morte ditosa* preséntanos seis encontros coa morte noutros tantos cadros. Encontros procurados sempre polas personaxes e por diferentes motivos: adiantar a propia morte para fuxir do sufrimento, achegarse a ela para matar a soidade ou o fracaso, abrazala para alimentar outra vida ou acabar nos seus brazos como remate natural dun camiño xa andado. E Roberto Vidal Bolaño píntanos eses cadros coas súas pinceladas características: unha linguaxe áxil e poderosa, unhas personaxes trazadas con gran profundidade e un achegamento ao tema sen estridencias, con gran naturalidade, como sempre se tratou na nosa cultura e desde o noso imaxinario.

+ info. en: *www.teatrodeningures.com*



### BAR
San&San

Autor: San&San / Dirección: San&San / Elenco: Pablo Sánchez, Carlos Sante e Xaquín Domínguez
Xénero: Teatro adultos/Comedia

*Bar* pretende ser un reflexo do que somos, podemos chegar a ser ou quixeramos ser dentro dun bar. Un xogo de personaxes, actitudes e situacións que todos nalgún momento puidemos contemplar con asombro e mesmo vivir diante ou detrás da barra dun bar. Un espectáculo cómico á vez que patético sobre a condición humana. Un espello cotián onde poder ver ese anaco de barra que todos levamos dentro. "Tómalle unha, que pagho eu!".

+ info. en: *www.sanesan.com*

Levan 22 anos comprometidos co teatro e coa súa parte máis fiel á nosa realidade social. Gústalles explorar e arriscar en cada proxecto que afrontan e, desta vez, quérennos falar da morte. Teatro de Ningures é un dos máximos expoñentes da actividade teatral na provincia de Pontevedra e en Galicia. Desde a súa vila natal, Cangas do Morrazo, exportan unha forma de entender o teatro no seu sentido máis amplo, o que pasa por conxugar as súas propostas creativas cun papel moi activo na dinamización social das artes escénicas. No seu último espectáculo, atrévense cun tema tan complexo e arraigado na nosa cultura popular como é o da morte; e fano coa vantaxe e asemade coa responsabilidade que supón ir da man das palabras escritas polo gran Roberto Vidal Bolaño na súa obra *Bailadela da morte ditosa*.

# O TRABALLO COMPROMETIDO DE TEATRO DE N



# INGURES

Nesta súa última creación, Ningures leva á escena seis episodios diferentes que abordan outras tantas maneiras distintas de procurar a fin da vida. Personaxes cheas de remorsos, fartas de vivir, desexosas de fuxir da soidade ou do sufrimento que produce a enfermidade e que atopan unha desculpa para se suicidar. A obra ten trazos cómicos, de ironía, con interpretacións intensas e emotivas, aínda que tampouco está falta de dramatismo.

Como parte da escenografía, destacan dous elementos tan lutuosos como a terra e a madeira. A acción desenvólvese sobre un gran círculo de terra que, simbolicamente, encerra o padecemento de quen está a interpretar. Dentro, nunha cadeira ou sobre un cabalete, as personaxes agardan a súa hora. Arredor, contemplan o acto as ánimas dos que xa morreron e traspasaron a fronteira que ese anel ficticio delimita. O espectador atende ao fío argumental de cada acto e ás circunstancias de cada personaxe, e semella que, ao final, case como resignado, non lle queda outra que aprobar desde a butaca o tráxico final que escollen os protagonistas.

Casilda García, Pepa Barreiro, Sonia Rúa e Salvador del Río, socios fundadores da compañía, interpretan xunto a Fran Paredes, Santiago Cortegoso e Mónica Camaño as personaxes desta obra que, novamente, dirixe para o grupo Etelvino Vázquez.





### BICOS CON LINGUA

Talía Teatro

Autor: Varios autores / Dirección: Avelino González
Elenco: Artur Trillo e Antonio Casais
Xénero: Teatro adultos/Comedia

*Bicos con lingua* é un espectáculo que nace dun forte sentimento de amor á lingua, á nosa lingua. Comedia creada a partir de historias curtas que tratan de ofrecer un panorama de situacións do idioma galego.

+ info. en: *www.taliateatro.es*



### BLACK CHERRY BURLESQUE

Almacabra-Teatro-Circo

Autor: Almacabra-Teatro-Circo
Dirección: Almacabra-Teatro-Circo / Elenco: Sue Moreno, Vanessa Rivas e Yolanda Paz / Xénero: Teatro adultos/Outros

Un espectáculo de cabaré, suxestivo, divertido, ameno e moi picante.

+ info. en: *www.almacabra.com*



### BROKERS

Yllana

Autor: Yllana / Dirección: David Ottone / Elenco: Fidel Fernández, Antonio Pagudo, Toni de la Fuente e Luís Cao
Xénero: Teatro adultos/Comedia

*Brokers*, ao máis puro estilo Yllana, retrata o salvaxe e irreverente mundo das altas finanzas. Tras a estela de *666* e *Star Trip*, móvese no universo do luxo e do diñeiro para amosarnos o seu tolo e esmendrellante xeito de ver o mundo. Os protagonistas son catro tiburóns dos negocios na procura do éxito nesta era consumista. Fanáticos da moda de marca, das últimas tecnoloxías, da comida sa e do culto ao corpo introdúcense nun mundo no cal a carreira polo triunfo descobre os seus medos máis agochados, provocando ridículas situacións que farán tremer os piares da sociedade máis consumista.

+ info. en: *www.culturactiva.org*



### CACHAI
Miroscopio Perdicións

Autor: Pepe de Jiménez / Dirección: Pepe de Jiménez
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

*Cachai* introdúcenos nunha viaxe. Unha viaxe que se inicia cando non queda nada, ás veces familia, casa, traballo, identidade legal, saúde ou afecto. A vida entón acontece grazas á insistencia por agarrarse a ela. Nunha loita constante por non perder a dignidade. Nunha loita por sobrevivir. Cando non queda nada é preciso renacer. Renacer despois da perda. Renacer desde a carencia. Renacer dos anónimos, daqueles dos que ninguén se lembra, das vítimas. Dos inocentes. Dá igual se ocorre en Galicia, en Marrocos, en Chile ou en Palestina. *Cachai*?



### CASCUDA
Diego Anido

Autor: Diego Anido / Dirección: Diego Anido
Elenco: Diego Anido / Xénero: Teatro adultos/ Contemporáneo

*Cascuda* é unha peza de teatro físico que conxuga en equilibrio as linguaxes de teatro de texto, *clown*, danza contemporánea..., compoñendo unha dramaturxia baseada tanto nun traballo de creación en sala de ensaio como de investigación proporcionada pola base teórica. A obra indaga en dous dos posibles significados da palabra *desprezo* que adoitamos asociar á *cascuda*: *desprezar* como detestar e *desprezar* como infravalorar.



### CHICHO E A SANTA COMPAÑA
Lambríaca Teatro

Autores: José M. Gómez e Xosé M. Conde
Dirección: Xoán Abreu / Elenco: Humy Donado, Fran Peleteiro, Xulio Cela e Xosé M. Conde / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Quen, de neno ou nena, ao carón do lume, nunha noite de treboada, non escoitou historias fantásticas da Santa Compaña? Ben... aquel. Pero quitando o amargado, quen non as escoitou? Que si..., que o xordo obviamente tampouco. Pero ídesme deixar contar o choio ou ides estar molestando?... Iso está mellor. Hai algo nas historias de terror que fai que volvamos sentírmonos asustados, sentírmonos como cando eramos nenos, protexidos do mundo pola soa presenza dos nosos dous pais... ou da nosa nai.

+ info. en: *www.lambriaca.com*



Queda patente a simbiose tan perfecta que existe entre o elenco de actores e o director de orixe asturiana, parte indispensable no equipo, que acompaña desde hai anos a Teatro de Ningures e co que o grupo consolidou un modo de traballo definitorio.

Como unha das máis veteranas formacións do noso panorama teatral, Ningures xa cumpriu os vinte anos de vida escénica. Todo este tempo transcorrido desde a súa fundación en 1986 valeulle para afianzar o seu compromiso co teatro, pero, tamén, para establecer como a súa pauta de traballo o teatro comprometido.

*Bailadela da morte ditosa* súmase así á longa lista de producións que a compañía ten no seu haber. E, ao igual que a maior parte delas, enmárcase nunha determinada maneira de concibir a interpretación, a que entende cada montaxe como unha vía para amosar o sentir da sociedade, na procura dun teatro apegado á realidade social na que vivimos e suxeito aos principios de universalidade e contemporaneidade.

Salvador del Río explícao así: "Unha máxima que seguimos á hora de seleccionarmos un texto para interpretar é que teña algo importante que dicir, porque nós queremos contar algo a través do teatro e cremos que todos os textos que levamos representado ata o de agora teñen algo que nos parecía importante dicir, anunciar ou denunciar nese momento".

Hai uns cantos títulos que son os que mellor reflicten esta idea e, por conseguinte, o rumbo da compañía: *Tartufo*, de Molière (2005); *Troianas*, de Eurípides (2004); *Emigrados*, de varios autores galegos como Suso de Toro, Cándido Pazó ou X. M. Pazos (2007); *Misericordia*, de Benito Pérez Galdós (2006), e, agora, *Bailadela da morte ditosa*, de Vidal Bolaño.



"A idea de montar a Vidal Bolaño xa viña de hai tempo. Era unha temática que nos parecía interesante e unha maneira de escribir que, aínda que é do ano 1980, é moi contemporánea. Pareceunos un reto, ao ser unha obra difícil de escenificar porque fala de moitas cousas", confesa Del Río.

"Nas representacións, dámonos conta de que a xente se recoñece e se sente identificada porque son historias moi próximas e é un tema moi noso do que Roberto sabía falar moi ben", comenta Casilda García, que engade: "Tamén é certo que se trata dun tema incómodo do que haberá a quen non lle apeteza falar. O teatro depende da predisposición do público".

Este colectivo artístico naceu en Cangas do Morrazo e, pouco a pouco, apostando sempre pola estabilidade e a normalización do teatro na nosa Comunidade, foise convertendo nun importante motor de empurre da actividade teatral no sur do país. Desde os seus inicios, centrou a súa capacidade de traballo e o seu esforzo por captar públicos na área de influencia xeográfica e social da súa vila natal, a un paso de Vigo. Alí colaboran coas escolas e co concello e coordinan actualmente a Escola Municipal das Artes Escénicas. Tamén son parte responsable da Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Vigo e das aulas de teatro e cursos de formación que se organizan dentro desa programación.

Nese labor de militancia das artes escénicas que os membros de Ningures exercen desde a súa comarca e na súa vocación pola estabilidade profesional din que está a súa razón de ser, como tamén o está a súa forma de facer e entender o teatro.

O reto reside agora en traspasar fronteiras. De momento, farano coa súa presenza en Madrid no mes de marzo no marco da Muestra de Teatro de las Autonomías.



### CÍCLIDO AMARILLO
Teatro de los Manantiales

Autor: Ximo Flores / Dirección: Ximo Flores
Elenco: Ximo Flores, Ximo Rojo e Laura Romero
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

A delgada liña que separa o público do privado, a continuada espectacularización da realidade e a acentuada sensación de impotencia fronte aos acontecementos que sacoden o mundo para facernos máis levadía esta frustración mergúllannos nun universo baseado no hedonismo e a diversión máis patética, propia dos peores pesadelos de Goya ou de Valle Inclán. Planea na montaxe unha idea de violencia froito desa desorientación, a violencia dunha parella convértese no epicentro de todos os desastres bélicos do mundo.

+ info. en: *www.teatrodelosmanantiales.com*




### CLARO QUE SI
Ni Fu Ni Fa Animación

Autor: Ildefonso G.ª de Longoria Ramos
Dirección: Ildefonso G.ª de Longoria Ramos
Xénero: Teatro adultos/Musical

XANEIRO

**23** ás 11.30 h / **24** ás 18.00 h _Teatro Pastor Díaz
**BÚHO Y MARAVILLAS** _*Los músicos de Brenes* [P. 41]

FEBREIRO

**7** ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz
**TEATRO DO ATLÁNTICO** _*Unha primavera para Aldara* [P. 35]

MARZO

**21** ás 18.00 h _Teatro Pastor Díaz
**ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5** _*Polgariño* [P. 41]

**28** ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz
**TALÍA TEATRO** _*E ti, quen vés sendo?* [P. 29]

ABRIL

**25** ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz
**TEATRO GALILEO** _*Náufragos* [P. 31]

MAIO

**9** ás 18.00 h _Teatro Pastor Díaz _**GALITOON** _*Babiliglub* [P. 40]

**23** ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz
**TEATRO DE NINGURES** _*Bailadela da morte ditosa* [P. 16]

## PROVINCIA DE OURENSE

## O BARCO DE VALDEORRAS

XANEIRO

**30** ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo
**UROC TEATRO** _*Ados@dos* [P. 08]

FEBREIRO

**20** ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo
**LAGARTA, LAGARTA** _*Aeroplanos* [P. 08]

MARZO

**6** ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo
**PT EXCÉNTRICAS** _*No comment (Obra)* [P. 32]

**27** ás 20.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo
**GALITOON** _*Babiliglub* [P. 40]

ABRIL

**17** ás 20.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo
**COMPAÑÍA DO TRINKE TRINKE** _*Os soños na gaiola* [P. 41]

**24** ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo
**TEATRO DE NINGURES** _*Bailadela da morte ditosa* [P. 16]

**30** ás 20.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo
**BERROBAMBÁN TEATRO** _*Bicharada* [P. 40]

MAIO

**8** ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo
**TALÍA TEATRO** _*E ti, quen vés sendo?* [P. 29]

**22** ás 20.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo
**COMPAÑÍA DO ELEFANTE ELEGANTE** _*Tristán Cara de Can* [P. 42]

## O CARBALLIÑO

XANEIRO

**23** ás 18.00 h _Auditorio Municipal
**COMPAÑÍA DO ELEFANTE ELEGANTE** _*Tristán Cara de Can* [P. 42]

FEBREIRO

**13** ás 22.30 h _Auditorio Municipal
**LAGARTA, LAGARTA** _*Aeroplanos* [P. 08]

MARZO

**20** ás 22.30 h _Auditorio Municipal
**TEATRO GALILEO** _*Náufragos* [P. 31]

ABRIL

**17** ás 18.00 h _Auditorio Municipal
**CARAMUXO TEATRO** _*Zapatos* [P. 42]

**24** ás 18.00 h _Auditorio Municipal
**GHAZAFELHOS** _*A orixe dos ghazafelhos* [P. 38]

MAIO

**9** ás 18.00 h _Auditorio Municipal
**TALÍA TEATRO** _*Menos lobos* [P. 41]

**15** ás 22.30 h _Auditorio Municipal
**MALASOMBRA** _*O día do pai* [P. 32]

**22** ás 22.30 h _Auditorio Municipal
**MIROSCOPIO PERDICIÓNS** _*Cachai* [P. 18]

## OURENSE

XANEIRO

**22** ás 20.30 h _Auditorio Municipal
**PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS** _*Kamikaze* [P. 30]

FEBREIRO

**1** ás 12.00 h / **2** ás 10.00 e 12.00 h _Auditorio Municipal
**SARABELA TEATRO** _*Cristovo e o Libro das marabillas* [P. 40]

**8** ás 12.00 h _Auditorio Municipal
**ROMÁN GARCÍA** _*Labirinto de ilusións* [P. 38]

MARZO

**6** e **7** ás 18.00 h _Auditorio Municipal
**O MAGO TETO** _*A maxia da Santa Compaña* [P. 36]

**7** ás 20.30 h _Teatro Principal
**REDRUM TEATRO** _*A pensión* [P. 06]

**13** ás 20.30 h _Auditorio Municipal
**PISANDO OVOS** _*30.000* [P. 43]

**22** ás 12.00 h _Auditorio Municipal
**SYMBIOSIS PRODUCCIÓNS** _*Symbiosis* [P. 38]

**29** ás 12.00 h / **30** ás 10.00 e 12.00 h _Auditorio Municipal
**SARABELA TEATRO** _*Cósima* [P. 40]

ABRIL

**5** ás 20.30 h _Teatro Principal
**[IN]CONSTANTES TEATRO** _*La lluvia amarilla* [P. 31]

**21** ás 20.30 h _Auditorio Municipal _**YLLANA** _*Brokers* [P. 17]

MAIO

**10** ás 12.00 h _Auditorio Municipal
**LA TIRITA DE TEATRO** _*El Romeo y la Julieta* [P. 40]

**10** ás 20.00 h _Teatro Principal
**TEATRO DE NINGURES** _*Bailadela da morte ditosa* [P. 16]

**14** ás 20.30 h _Auditorio Municipal
**OS MONICREQUES DE KUKAS** _*7 contos capitais (historias para pícaros adultos)* [P. 06]

**28** ás 20.30 h _Auditorio Municipal
**D2** _*Cos pés na terra (e só cos pés)* [P. 43]

**30** ás 21.00 h _Teatro Principal
**UROC TEATRO** _*Ados@dos* [P. 08]

**31** ás 12.00 h _Auditorio Municipal
**BERROBAMBÁN TEATRO** _*Bicharada* [P. 40]

XUÑO

**12** e **13** ás 21.00 h _Teatro Principal _**TEATRO DO MORCEGO**
*Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)* [P. 30]

**19** ás 21.00 h _Teatro Principal
**MATARILE TEATRO** _*Animales artificiales* [P. 08]

## RIBADAVIA

FEBREIRO

**7** ás 20.30 h _Casa da Cultura
**TALÍA TEATRO** _*Bicos con lingua* [P. 17]

MARZO

**19** ás 20.30 h _Casa da Cultura
**REDRUM TEATRO** _*A pensión* [P. 06]

ABRIL

**18** ás 21.00 h _Casa da Cultura _**TEATRO DO NOROESTE**
*Extrarradios (comedia das mulleres desamparadas)* [P. 29]

MAIO

**16** ás 21.00 h _Casa da Cultura _**GRUPO DE TEATRO LOPE DE VIGO** _*Jesús, que cruz me caeu contigo* [P. 30]

## PROVINCIA DE PONTEVEDRA

## A ESTRADA

XANEIRO

**9** ás 21.30 h _Teatro Principal _**GRUPO DE MÚSICA ANTIGA 1500** _*Amor e danza na Europa das nacións* [P. 46]

**16** ás 21.30 h _Teatro Principal _**ENSEMBLE VIGO 430**
*As catro estacións de Vivaldi* [P. 46]

FEBREIRO

**6** ás 21.30 h _Teatro Principal
**MATARILE TEATRO** _*Animales artificiales* [P. 08]

**27** e **28** ás 21.30 h _Teatro Principal
**MAQUINARIA PESADA** _*As vingadoras* [P. 16]

ABRIL

**3** e **4** ás 21.30 h _Teatro Principal
**MALASOMBRA** _*O día do pai* [P. 32]

**17** e **18** ás 21.30 h _Teatro Principal
**TALÍA TEATRO** _*E ti, quen vés sendo?* [P. 29]

**24** e **25** ás 21.30 h _Teatro Principal _**YLLANA** _*Brokers* [P. 17]

MAIO

**1** ás 21.30 h _Teatro Principal
**TEATRO ENSALLE** _*La estrategia del avestruz* [P. 31]

## CAMBADOS

XANEIRO

**18** ás 18.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude
**THE PINGA TEATRO** _*O rei de mares* [P. 41]

**25** ás 18.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude
**OS MONICREQUES DE KUKAS** _*Un agasallo para Xaquín* [P. 42]

FEBREIRO

**1** ás 18.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude
**TALÍA TEATRO** _*Menos lobos* [P. 41]

**8** ás 18.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude
**COMPAÑÍA DO TRINKE TRINKE** _*Os soños na gaiola* [P. 41]

## CANGAS DO MORRAZO

MARZO

**7** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**MIROSCOPIO PERDICIÓNS** _*Cachai* [P. 18]

**13** ás 11.30 e 21.00 h / **14** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**TEATRO NU** _*Coa palabra na lingua. Concerto en dúas linguas para dous actores e un músico* [P. 19]

**28** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**MAQUINARIA PESADA** _*As vingadoras* [P. 16]

ABRIL

**25** ás 22.30 h _Auditorio Municipal _**TALÍA TEATRO**
*E ti, quen vés sendo?* [P. 29]

MAIO

**8, 9** e **10** ás 22.30 h _Auditorio Municipal
**TEATRO DO MORCEGO** _*Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)* [P. 30]

XUÑO

**6** ás 22.30 h _Auditorio Municipal
**DÚO DÉCIMA-CERVIÑO (PIANO A CATRO MANS)**
*Nacionalismo-Impresionismo/Natalis* [P. 46]

**13** ás 22.30 h _Auditorio Municipal _**ENSEMBLE VIGO 430**
*As catro estacións de Vivaldi* [P. 46]

## LALÍN

MARZO

**13** ás 21.30 h _Novo Salón Teatro
**ARELA DAS ARTES** _*Ifixenia en Áulide* [P. 29]

ABRIL

**17** ás 21.30 h _Novo Salón Teatro
**MALASOMBRA** _*O día do pai* [P. 32]

MAIO

**8** ás 21.30 h _Novo Salón Teatro
**MAQUINARIA PESADA** _*As vingadoras* [P. 16]

**15** ás 21.30 h _Novo Salón Teatro
**TEATRO DO MORCEGO** _*Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)* [P. 30]

## PONTEVEDRA

### XANEIRO

**18** ás 18.30 h / **19** ás 10.30 e 12.30 h _Teatro Principal
**GALITOON** *_Babiliglub* [P. 40]

**25** ás 18.30 h / **26** ás 10.30 e 12.30 h _Teatro Principal
**COMPAÑÍA DO ELEFANTE ELEGANTE** *_Tristán Cara de Can* [P. 42]

**30** ás 21.00 h _Auditorio M. Pazo da Cultura
**NOVA GALEGA DE DANZA** *_Tradicción* [P. 46]

### FEBREIRO

**12** ás 21.00 h / **13** ás 11.30 h _Auditorio M. Pazo da Cultura
**ENTREMÁNS** *_Concerto desconcerto* [P. 43]

### MARZO

**22** ás 18.30 h / **23** ás 10.30 e 12.30 h_Teatro Principal
**OS MONICREQUES DE KUKAS** *_Sen título 4x8x6 (técnica mixta sobre o escenario)* [P. 42]

**26** ás 21.00 h / **27** ás 11.30 h _Auditorio M. Pazo da Cultura
**PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS** *_Purgatorio* [P. 33]

**29** ás 18.30 h / **30** ás 10.30 e 12.30 h_Teatro Principal
**OS QUINQUILLÁNS** *_O mago de Oz* [P. 41]

## REDONDELA

### FEBREIRO

**14** ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira
**TALÍA TEATRO** *_E ti, quen vés sendo?* [P. 29]

**21** ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira
**TEATRO DO ATLÁNTICO** *_Unha primavera para Aldara* [P. 35]

### MARZO

**7** ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira
**LAMBRÍACA TEATRO** *_Chicho e a Santa Compaña* [P. 18]

**14** ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira
**TEATRO GALILEO** *_Náufragos* [P. 31]

**21** ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira
**LAGARTA, LAGARTA** *_Aeroplanos* [P. 08]

**28** ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira
**MALASOMBRA** *_O día do pai* [P. 32]

### ABRIL

**4** ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira
**PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS** *_Purgatorio* [P. 33]

## SANXENXO

### FEBREIRO

**7** ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán
**LAMBRÍACA TEATRO** *_Chicho e a Santa Compaña* [P. 18]

### MARZO

**14** ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán
**ARELA DAS ARTES** *_Ifixenia en Áulide* [P. 29]

### ABRIL

**23** ás 11.00 h _Pazo Emilia Pardo Bazán
**TALÍA TEATRO** *_Bicos con lingua* [P. 17]

### MAIO

**16** ás 22.00 h _Pazo Emilia Pardo Bazán
**SAN&SAN** *_As desventuras de Carme, Gelines e Don José* [P. 09]

## TUI

### FEBREIRO

**6** ás 20.00 h _Teatro Municipal-Edificio Área Panorámica
**COMPAÑÍA DO ELEFANTE ELEGANTE** *_Tristán Cara de Can* [P. 42]

**20** ás 21.30 h _Teatro Municipal-Edificio Área Panorámica
**TEATRO DO ATLÁNTICO** *_Unha primavera para Aldara* [P. 35]

**27** ás 20.00 h _Teatro Municipal-Edificio Área Panorámica
**COMPAÑÍA DO TRINKE TRINKE** *_Os soños na gaiola* [P. 41]

### MARZO

**6** ás 21.30 h / **7** ás 20.30 h _Teatro Municipal-Edificio Área Panorámica **_LAGARTA, LAGARTA** *_Aeroplanos* [P. 08]

**13** ás 20.00 h _Teatro Municipal-Edificio Área Panorámica
**GALITOON** *_Babiliglub* [P. 40]

### MAIO

**15** ás 20.00 h _Teatro Municipal-Edificio Área Panorámica
**BERROBAMBÁN TEATRO** *_Boas noites* [P. 40]

**29** ás 21.30 h _Teatro Municipal-Edificio Área Panorámica
**TEATRO ENSALLE** *_La estrategia del avestruz* [P. 31]

## VIGO

### XANEIRO

**25** ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova
**TEATRO DE NINGURES** *_Bailadela da morte ditosa* [P. 16]

### FEBREIRO

**6** e **7** ás 22.00 h / **8** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**PROVISIONAL DANZA** *_El cielo en mi bolsillo* [P. 43]

**7, 14, 21** e **28** ás 0.00 h _Teatro Arte Livre **_CÍA. INTERNACIONAL D.A.T.A (DANZA E TEATRO)** *_Desencantos* [P. 43]

**15** ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova
**SARABELA TEATRO** *_Dáme veleno* [P. 29]

**27** e **28** ás 22.00 h _Teatro Ensalle
**CÍA. DANIEL ABREU** *_Negro* [P. 43]

**28** ás 18.00 h _Centro Cultural Caixanova
**GALITOON** *_Babiliglub* [P. 40]

### MARZO

**1** ás 21.00 h _Teatro Ensalle **_CÍA. DANIEL ABREU** *_Negro* [P. 43]

**6** e **7** ás 22.00 h / **8** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**CÍA. DANIEL ABREU** *_Nuevamente ante ti fascinado* [P. 46]

**7, 14, 21** e **28** ás 0.00 h _Teatro Arte Livre **CÍA. INTERNACIONAL D.A.T.A (DANZA E TEATRO)** *_Desencantos* [P. 43]

**7** ás 18.00 h _Centro Cultural Caixanova
**TÍTERES TROMPICALLO** *_Bolboreta* [P. 40]

**13** e **14** ás 22.00 h / **15** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**DAVID** *_Over The Rainbow* [P. 46]

**20** e **21** ás 22.00 h / **22** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**NUT TEATRO** *_4.48 Psicose* [P. 06]

**29** ás 18.00 h _Centro Cultural Caixanova
**BERROBAMBÁN TEATRO** *_Bicharada* [P. 40]

### ABRIL

**4** ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova
**ARELA DAS ARTES** *_Ifixenia en Áulide* [P. 29]

**5** ás 18.00 h _Centro Cultural Caixanova
**ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5** *_Polgariño* [P. 41]

**17** e **18** ás 22.00 h / **19** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**DIEGO ANIDO** *_Cascuda* [P. 18]

**18** ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova
**PT EXCÉNTRICAS** *_No comment (Obra)* [P. 32]

**24** e **25** ás 22.00 h / **26** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**TEATRO DE LOS MANANTIALES** *_Cíclido amarillo* [P. 19]

### MAIO

**8, 9, 15, 16** ás 22.00 h / **10** e **17** ás 21.00 h _Teatro Ensalle
**CHÉVERE** *_Testosterona* [P. 35]

**24** ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova
**MATARILE TEATRO** *_Animales artificiales* [P. 08]

## VILAGARCÍA DE AROUSA

### XANEIRO

**17** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**ARELA DAS ARTES** *_Ifixenia en Áulide* [P. 29]

**24** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**MIROSCOPIO PERDICIÓNS** *_Cachai* [P. 18]

**31** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**UROC TEATRO** *_Ados@dos* [P. 08]

### FEBREIRO

**7** ás 21.00 h _Auditorio Municipal [P. 09]
**ESPELLO CÓNCAVO** _Anxeliños

**14** ás 21.00 h _Auditorio Municipal **_TEATRO DO NOROESTE**
*Extrarradios (comedia das mulleres desamparadas)* [P. 29]

### ABRIL

**18** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**LAMBRÍACA TEATRO** *_Chicho e a Santa Compaña* [P. 18]

### MAIO

**3** ás 21.00 h _Auditorio Municipal
**[IN]CONSTANTES TEATRO** *_La lluvia amarilla* [P. 31]



## CONCERTO BÍFIDO

### San&San

Autor: San&San / Dirección: San&San / Elenco: Pablo Sánchez e Carlos Sante / Xénero: Teatro adultos/Xestual

San&San, presentadores dun importantísimo concerto de música clásica que tiña previsto levarse a cabo, terán que suplir a orquestra ante a súa incomparecencia debido a un erro. Así, en clave de humor xestual, farannos rir durante unha hora co seu particular e excéntrico *Concerto bífido*, espectáculo gañador do Festiclown 2000.

+ info. en: *www.sanesan.com*



## CORIOLANO

### Teatro Sen Repertorio

Autor: W. Shakespeare / Dirección: Antonio Travieso
Elenco: Antonio Travieso e Ana Otero
Xénero: Teatro adultos/Clásico

Ás veces escoitamos conversas alleas e o son das voces desaparece a cada paso da nosa indiferenza. Ás veces achéganse voces coa indiferenza dos nosos pasos esquecidos e cada palabra eríxese soberbia e constrúe unha ponte para cruzar o Rubicón. E na outra beira, despídense cun aceno satisfeito. Outras veces baleiramos o verbo de verdade e agradamos que se farte sen prematura. E outras veces, polas noites, agochamos as loanzas baixo a Terra do Arco do Triunfo.



## DÁME VELENO

### Sarabela Teatro

Autora: Ánxeles Cuña Bóveda / Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda / Elenco: Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo, Xosé A. Porto "Josito", Tito R. Asorey, Fina Calleja, Nate Borrajo e David Varela / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Un avó e unha avoa moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela desde o alén. Un dos seus netos crese un mariscal, mentres as súas tías teñen a tola esperanza de poder axudar, coas súas accións, a facer máis levadía a existencia dos infelices. Unha parella disposta a non deixarse arrebatar o seu amor. Un neto mesquiño, un cirurxián plástico sádico e unha enfermeira ansiosa tecerán un novelo fantástico.

+ info. en: *www.sarabelateatro.com*



## DUQUES DE BERGARA UNPLUGGED

### Sergi Fäustino

Autor: Sergi Faustino / Dirección: Sergi Faustino
Elenco: Sergi Faustino / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Esta peza nace no vestíbulo dun hotel. Nace e crece no vestíbulo dun hotel porque a ensaiamos alí. Normalmente, o vestíbulo dun hotel é un sitio moi agradable, con música tranquila, pouca xente e uns camareiros moi amables que che ofrecen café. Como se estaba tan ben decidimos ensaiar alí en vez de meternos nun estudio frío e pouco acolledor. E esta é a peza que saíu, que, como veredes, é un reflexo das conversas que tivemos e de como unha mesma cousa se pode percibir e interpretar de maneiras distintas. "*Garçon*! Outro café, por favor".

+ info. en: *www.martaoliveres.com*



## E TI, QUEN VÉS SENDO?

### Talía Teatro

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Cándido Pazó
Elenco: Toño Casais, Artur Trillo, David Creus, Dani Trillo, Marta Ríos, Rosi Barcala, María Ordóñez, Diego Rey, Gustavo G. Dieste e Xurxo Barcala / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Que pasaría se, de súpeto, alguén ocupase o teu lugar na vida? Pero non alguén en xeral, senón unha copia exacta de ti mesmo, que coñece ata os máis íntimos detalles da túa vida. Como demostrar que un mesmo é o "auténtico" cando o "outro" é idéntico a un mesmo? Este é o arranque da peripecia do *Anfitrión*, de Plauto, revisitada en clave actual por Cándido Pazó.

+ info. en: *www.taliateatro.es*



## EVITA, EVA PERÓN

### Encena Produccións Artísticas

Autores: Eisenhower Moreno e Roberto Cordovani
Dirección: Eisenhower Moreno e Roberto Cordovani
Elenco: Eisenhower Moreno, Roberto Cordovani e David Fernández Rivera / Xénero: Teatro adultos/Drama

Áxil e intensa montaxe teatral que trata da polémica traxectoria da nai dos descamisados. A rapaza pobre que saíu de Junin e se converteu nunha das actrices de radio mellor pagadas de Bos Aires, despois na primeira dama da Arxentina e, por fin, no corpo ao que a morte non conseguiu quitar a forza.

+ info.: *www.tal2005.com*



## EL REY DE LA SOLEDAD

### Playground

Autor: Xavier Bobés / Dirección: Xavier Bobés
Xénero: Teatro adultos/Outros

E atopouse rodeado de pezas. Nada acababa de ter sentido. O todo non existía por si mesmo, xa que sempre faltaba ese anaco insubstituíble. Un pequeno retrato dun individuo nun reino que propón interrogantes e non dá ningunha resposta. Un reino demasiado mecánico para ser real. Un reino demasiado sórdido para ser imaxinado. Un conflito entre estes dous mundos. E, finalmente, a redención do reino. Destruír e reconstruír os obxectos a manipular, improvisar e xogar co azar, escribir imaxes e teatralizar palabras, crear paisaxes minúsculas de recantos caídos no esquecemento, proxectar películas da memoria, pintar todo o que nos rodea.

+ info. en: *www.playgroundvisual.com*




## EXPERIENCIAS CON UN DESCONOCIDO SHOW

### Sonia Gómez

Autora: Sonia Gómez / Dirección: Mose Hayward
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Trátase dun artefacto-maquínico-experiencial e, polo tanto, un misterio posto en marcha para explorarse a si mesmo en relación cos demais, cos clientes descoñecidos que desexan facer da experiencia un laboratorio emocional, xestual e performativo: trebello deconstrutivista onde o cotián adquire estatuto de milagre delirante e marciano para maior gloria de todos e cada un dos teus momentos.

+ info. en: *www.soniagomez.com*



## EXTRARRADIOS (COMEDIA DAS MULLERES DESAMPARADAS)

### Teatro do Noroeste

Autor: Eduardo Alonso / Dirección: Eduardo Alonso
Elenco: Luma Gómez e Victoria Pérez / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Comedia urbana, aínda que marxinal, sobre o frutífero encontro de dúas mulleres singulares, unha mendiga chegada ao punto de maior degradación e unha puta de estrada barata e acabada, que disputan o seu espazo vital: a parada abandonada do bus 108. Nos límites imprecisos da cidade, e posiblemente tamén da realidade, móvense estas personaxes que, a pesar da súa lateralidade, manteñen o seu dereito a ser felices.

+ info. en: *www.teatrodonoroeste.com*



## FLORES MIGRATORIAS

### D2

Autores: Diego Freire, Manu Lago, Teresa de la Hera e Fran Riveiro / Dirección: Teresa de la Hera
Elenco: Diego Freire, Fran Riveiro e Manu Lago / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Resulta que agora quero a quen me quixo e decidín non querer. Boto de menos a pel de galiña, a gargallada sincera. Agora sorrío cando ulo os teus pasos. Non é a miña sombra a que te acompaña. Xusto aí, no teu regazo, é onde quixera perderme contigo. A felicidade: nunca agora, sempre antes. Pecho os ollos e por un segundo o meu arredor é perfecto. Atrapémolo, sintámolo.

+ info. en: *www.ciad2.com*



## ILIRIA

### Compañía do Elefante Elegante

Autor: W. Shakespeare / Dirección: Colectiva
Elenco: Fabiana Gastaldello, Fredi Muiño, Gonçalo Guerreiro e María Torres / Xénero: Teatro adultos/Clásico

Espectáculo de teatro, música e movemento a partir da *Noite de reis* de Shakespeare. Na illa de Iliria, o duque Orsino morre de amores por Olivia, pero, a pesar das románticas cancións portuguesas que lle dedica, o seu amor non é correspondido. Ao mesmo tempo, dous irmáns xemelgos, Violeta e Sebastián, naufragan na costa de Iliria. Violeta vese obrigada a disfrazarse de home coas roupas do irmán para poder sobrevivir nun país estranxeiro. Pero Sebastián tamén se salvou e, sen saber un do feliz destino do outro, acaban por crear os máis divertidos equívocos amorosos.



## IFIXENIA EN ÁULIDE

### Arela das Artes

Autor: Eurípides / Dirección: Charo Amador
Elenco: Fran Paredes, Mónica Sueiro, Diana Mera, César Aldea, Mighello Blanco, Fernando Pedrido, Xosé M. Esperante, Alba Barreiro, Silvia Camino Saco, Marta Pérez, Vanesa Sotelo, Teté García, Rosa Puga Davila, María Caparrini e Sara Marcet / Xénero: Teatro adultos/Clásico

Amence no campamento. Agamenón, xefe do exército dos gregos, desfeito entre as razóns de Estado e o amor pola súa filla Ifixenia, dispone a dar unha contraorde en segredo que evite o seu sacrificio, condición necesaria para a saída da expedición grega cara a Troia e a conquista da cidade...



### JESÚS, QUE CRUZ ME CAEU CONTIGO
Grupo de Teatro Lope de Vigo

Autor: Julián Rodríguez Novo / Dirección: Julián Rodríguez / Elenco: Julián Rodríguez, Marta Lado, Javier Octavio de Toledo e Miguel Ferreiroa Barros Xénero: Teatro adultos/Comedia

Teatro Lope de Vigo estrea a última creación de Julián Rodríguez, coa que, tras *Ide todos ao inferno*, a compañía viguesa repite cunha comedia ácida e para todos os públicos. O mesmo equipo, con algunha fichaxe importante e máis medios, tratará de seguir facendo rir o público.



### KAMIKAZE
Pistacatro Productora de Soños

Autores: Pistacatro e Hernán Gené / Dirección: Hernán Gené / Elenco: Borja Fernandez, Pablo Reboleiro, Alfonso Medina, Manuel Lago, Natalia Outeiro, Antón Coucheiro e Xabier Mera / Xénero: Teatro adultos/Outros

A homenaxe pola morte do Sr. Kamikaze reúne os seus estraños camaradas nunha cerimonia que repiten solemnemente cada ano. Un tipo gris e aburrido chega alí de xeito accidental. Quen era este morto para merecer tantos honores? Por que despois da morte se celebra tanto a vida? Será que a vida é tamén unha kamikaze?

+ info. en: *www.pistacatro.com*




### KVETCH (UNHA COMEDIA AMERICANA SOBRE A ANSIEDADE)
Teatro do Morcego

Autor: Steven Berkoff / Dirección: Álvaro Lavín Elenco: Celso Parada, Pedro Alonso, Mónica Camaño, Dorotea Bárcena e António Reis / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Imaxine un intre no que vostede puidese expresar en alto todo aquilo que pensa polo baixo, sen ser oído polos que o rodean. Imaxine a cantidade de sesións de diván na consulta do psicanalista que aforraría. Ou non? Un espectáculo impúdico, xubiloso, devastador e feroz dos seus medos, frustracións e tensións diarias de toda caste.



# UNHA FÁBRICA DE SOÑOS A PLENO RENDE-MENTO

## O TEATRO INFANTIL VIVE UN MOMENTO DOCE EN GALICIA



Galitoon Productions. Fotografía: Elisa Giani

**SE OS NENOS E NENAS DE HOXE FORAN REALMENTE O PÚBLICO DO FUTURO, O TEATRO EN GALICIA TERÍA ASEGURADA UNHA VIDA LONGA E SAUDABLE. A DIVERSIDADE DE COMPAÑÍAS E MONTAXES QUE OFRECE O TEATRO GALEGO INFANTIL ACTUAL É PROPORCIONAL AO SEU ÉXITO ENTRE OS CATIVOS E CATIVAS, XA QUE OS PATIOS DE BUTACAS SE ENCHEN CADA DÍA CON ESCOLAS, FAMILIAS E COLECTIVOS INFANTÍS QUE VALORAN O TEATRO COMO OPCIÓN CULTURAL, EDUCATIVA E DE OCIO.**

No panorama xeral, os espectáculos específicos dedicados aos máis pequenos van deixando paso a unha filosofía que aposta, cada vez dun xeito máis decidido, polas montaxes que permiten gozar a un tempo a toda a familia; os maiores xa non son meros acompañantes, senón partícipes da festa. E no tocante a estilos e modalidades, o teatro de monicreques segue a ocupar un lugar destacado na produción, pero tamén son moitas as compañías que se especializaron no teatro de actor para público infantil, que mesturan as dúas disciplinas nas súas montaxes, ou que mesmo introducen nas súas postas en escena efectos e tecnoloxías acordes coas demandas propias dos rapaces do século XXI. O xénero para menores deixou de ser un xénero menor.

Unha das compañías que naceu nos últimos anos é Galitoon, que mantén actual-



## LA ESTRATEGIA DEL AVESTRUZ

Teatro Ensalle

Autor: Pedro Fresneda / Dirección: Pedro Fresneda
Elenco: Raquel Hernández, Artús Rei, David Santos e Gabriel Celester / Xénero: Teatro adultos/ Contemporáneo

O meu equilibrio baséase, coma todos, na fraxilidade. A patoloxía do meu equilibrio é unha vertixe atroz que me invade o corpo. É entón cando río con esa cara de parvo. Río e mírovos a todos, un por un, como pedindo aprobación, pero sabendo que estou suspenso de antemán. Desde pequeno pregunteime se era parvo non con preocupación, senón desde a máis absoluta curiosidade científica; poucas veces sentín a tentación de reivindicarme como ser intelixente, pero aínda me sinto a gusto no papel do idiota, tranquilizo a vosa intelixencia. Para que no mundo haxa listos, ten que haber parvos cos que compararse.

+ info. en: *www.teatroensalle.com*



## LA LLUVIA AMARILLA

[In]Constantes Teatro

Autor: Julio Llamazares / Dirección: Emilio del Valle
Elenco: Chema de Miguel (actor) e Francisco Lumbreras (músico, cantante) / Xénero: Teatro adultos/ Contemporáneo

*La lluvia amarilla* conta o paso fulminante da película dos últimos dez anos da vida de Andrés; concretamente, os anos que transcorren entre o suicidio da súa esposa e hoxe, momento en que a vida o abandona. Coa súa morte desaparece o último habitante de Ainielle, unha vila do Pireneo de Huesca. O autor avísanos: "Ainielle existe. No ano 1970 quedou completamente abandonada...". De maneira premeditada, marca unha ambigüidade entre realidade e ficción e obríganos a crear un espazo de entendemento baseado na verdade teatral e emocional.

+ info. en: *www.inconstantes.com*



## NÁUFRAGOS

Teatro Galileo

Autor: André Roussin / Dirección: Pedro Rubín
Elenco: César Cambeiro, Ana Santos, Paco Campos e Raúl Varo / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Obra de recoñecido éxito internacional, *Náufragos* aborda as relacións de parella nunha illa paradisíaca logo dun naufraxio. *Náufragos* é un espectáculo de amizade, sinceridade, amor e liberdade individual; unha obra teatral recoñecida pola crítica francesa como unha xoia do teatro contemporáneo.

+ info. en: *www.teatrogalileo.es*



### NO COMMENT (OBRA)
PT Excéntricas

Dirección: Quico Cadaval / Elenco: Marcos Orsi, Víctor Mosqueira, Borja Fernández e Suso Alonso
Xénero: Teatro adultos/Outros

Unha obra en construción, moitos metros sobre o nivel do chan. Os operarios non falan, en parte polo barullo das máquinas, en parte porque veñen de países e culturas diferentes. É o Babel moderno. Constrúese contra o ceo e non se entende quen o fai. Sen necesidade de falar, dous obreiros encóntranse: un veterano e un novo; o que leva toda a vida e que dalgún modo comprende a política do ladrillo e aquel outro que, se cadra, preferiría ser violinista ou economista ou xamán na súa terra natal.

+ info. en: *www.emedous.com*



### O CLUB DA CALCETA
Teatro do Morcego

Autora: María Reimóndez / Dirección: Celso Parada
Elenco: Estíbaliz Espinosa, Susana Dans, Laura Ponte, Maxo Barjas, Elina Luaces, Luisa Merelas e Imma António
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Seis mulleres moi diferentes entre si acoden a clases de calceta, un lugar onde converxen as súas frustracións, pero, tamén, un lugar onde toman conciencia da súa situación e da necesidade de superala. A través dun espazo tan tradicionalmente feminino como a calceta, estas mulleres atopan no valor da unidade a forza para sobrepoñerse a un presente que as nega ou infravalora. Desde a intriga e a hilaridade, emerxe unha profunda reflexión e revisión sobre a condición feminina.



### O DÍA DO PAI
Malasombra

Autor: Gabriel Olivares / Dirección: Marcos Orsi
Elenco: Pablo Alvarado, Xoque Carbajal, Alberto Rolán e Simone Negrin / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Delirante comedia que o seu autor denomina de *western* clínico... Tres homes loitando por unha selección natural nunha clínica de reprodución asistida. Por que os homes queren ser pais? Descubrirémolo en 80 minutos de risas!



Títeres Cascanueces

mente en cartel dous espectáculos nos que se combina o teatro de actores cos monicreques, *Babiliglub* e *Golulá*. A súa directora de contidos, Andrea Bayer, explica que a filosofía deste grupo teatral é traballar cos máis pequenos para crear novos espectadores teatrais cara ao futuro. "Non hai que subestimar os nenos. Son espectadores intelixentes e as montaxes teñen que responder ás súas esixencias", sinala. Entre os sinais de identidade de Galitoon está o labor de investigación das distintas técnicas teatrais. Traballan ademais na maneira de atraer máis público aos seus espectáculos. Neste sentido, Bayer apunta que os nenos menores de 13 anos teñen moitas alternativas para elixir, pero non hai moitas montaxes para os que superan esa idade. A compañía traballou ata o de agora con espectáculos de creación propia, pero non desbotan traballar con outros autores no futuro inmediato.

Pola súa banda, Títeres Cascanueces, agrupación que naceu en 1995 en Cuba e que, despois de diversas vicisitudes, terminou asentándose en Compostela, sabe ben o que supón ter en conta os destinatarios de cada proxecto. O seu creador, Lázaro Duyos, explica que nestes anos a compañía soubo adaptarse ás características do público galego e á súa lingua, aínda que xa tiña moito camiño percorrido porque "a maioría dos textos que traiamos de Cuba proceden da



Berrobambán

tradición africana e cumpren cos requisitos do conto tradicional, que son comprensibles para os nenos de calquera lugar”.

**Lecer e aprendizaxe**

Duyos destaca que o teatro de monicreques se basea nos conceptos de lecer e aprendizaxe, polo que constitúe un elemento fundamental na educación dos máis pequenos. Neste sentido advirte que nos últimos tempos se está a descoidar nas escolas este tipo de actividades, que son substituídas por outras “máis lúdicas”.

Aínda que en Galicia sempre existiu tradición no que se refire ao teatro de monicreques –baste recordar o mítico Barriga Verde como precursor das marionetas galegas–, a situación non era tan boa canto ás compañías dedicadas a teatro de actor para nenos. Nos últimos anos, traballos como o que realizan desde Berrobambán, outra das compañías de referencia, están contribuíndo a mudar esta situación. Un dos seus responsables, Chiqui Pereira, explica que os seus espectáculos van dirixidos a todos os públicos e tratan de seguir a liña dunha corrente que xa leva algúns anos vixente no mercado audiovisual. Consiste en facer que os adultos tamén poidan gozar dun espectáculo que ven os seus fillos, como é o caso de películas tan coñecidas coma *Toy Story* ou *Shrek*. Pereira destaca que desde as institucións públicas galegas tamén se está apoiando este tipo de montaxes.

**Un público moi esixente**

“Cada espectáculo que montamos ten unha entidade propia e non diferenciamos se é para nenos ou para adultos. É obvio que para unha produción que van ver os máis pequenos tes que coidar dun xeito especial as montaxes, pero case sempre nos diriximos a un público familiar e tratamos de facer espectáculos que poidan ver todos os membros da familia”, indica Pereira.

Fronte ao mito de que os nenos son un público fácil de contentar, Pereira explica que o público infantil é “moi esixente”, porque non parte das convencións que si posúen os maiores. “Se non lles gusta o que ven non van permanecer en silencio como fai un adulto e tampouco van aplaudir ao final”, engade o voceiro de Berrobambán, quen apunta que hai que tratar os nenos como espectadores de primeira.

Sobre o feito da perda de interese dos nenos polo teatro cando acadan determinada idade, Pereira cre que existen distintas causas, desde a falla de oferta de montaxes axeitadas para eses rapaces ata os problemas propios da adolescencia. “Nesa etapa da vida os mozos desvincúlanse un pouco dos pais e deixan de ir a todos os sitios con eles”, conclúe. Berrobambán ten nestes momentos diversos espectáculos en carteleira, entre os que se atopa o premiado *Boas noites*. A compañía traballa tanto con espectáculos xestuais como de texto, e leva á escena montaxes creadas por eles mesmos ou escritas por outros autores.

Máis alá do traballo de futuro que queda por facer, a realidade é que o teatro infantil presenta agora en Galicia un aspecto envexable. Entre a multitude de espectáculos que están a percorrer as cidades, vilas e aldeas da xeografía galega pódense citar os de Talytakumy, Títeres Cachirulo, Danthea Teatro, Títeres Trompicallo, Sarabela Teatro, Caramuxo Teatro, Os Quinquilláns, Talía Teatro, Tanxarina Títeres... Todos son mostra das múltiples posibilidades que se abren á hora de pasar un bo momento mergullados no marabilloso mundo do teatro.



Galitoon Productions




O NEGRO VAI CON TODO

Pepa e Davide & Madamme Cell

Elenco: Pepa Yáñez, Davide Salvado e Nacho Muñoz
Xénero: Cabaré

Dous creadores de Cabaret D’aquí. Dúas voces temperamentais que seguen un camiño paralelo: a beleza, un obxectivo diferente ao que nos teñen acostumados con *Unha noite no muíño*. O fin agora mesmo? Bailar, os medios póñenos eles. Partindo dunha melodía que escoitaron nun bar, dunha vella copla, dun vinilo raiado dun faiado, revolven outra vez no saber popular, rural pero urbano, en definitiva, séguenlle o rastro ata facelo evolucionar de xeito natural e chegar a un son de hoxe, á vangarda. Somos novos e iso hai que festexalo. Esta nova viaxe empréndena cun vello acompañante: Madamme Cell, desde o piano ata as programacións electrónicas.



PONI

Almacabra-Teatro-Circo

Autor: Versión libre sobre textos de Rodrigo García
Dirección: Nando Llera / Elenco: Mercedes C. Calderón, Yolanda Paz e Nando Llera / Xénero: Teatro adultos/ Contemporáneo

É a historia dunha familia decadente contada desde o punto de vista da filla de oito anos. Pai, Nai e Nena vense inmersos nun labirinto de precariedade social, vital e humana. Teñen que buscar unha saída. A historia desenvólvese en dous planos consecutivos: dunha banda, os textos narrados pola Nena, e, doutra, as accións á vista, que se desenvolven na crúa intimidade do fogar familiar.

+ info. en: *www.almacabra.com*



PURGATORIO

Pistacatro Productora de Soños

Autor: Compañía Pistacatro / Dirección: Marcos Carballido / Elenco: Pablo Reboleiro “Trasno”, Aitor Garuz, Manu Lago, Xabier Mera, Alfonso Medina, Antón Coucheiro “Cou” e Lídia López / Xénero: Teatro adultos/Outros

Unha flor de purgatorio é unha sala de espera para as almas que quedaron colgadas na terra á espera de conseguir unha praza no ceo ou no inferno. Dous grupos de almas, unhas aspirantes ao inferno e outras ao ceo, buscan pola cidade o lugar onde se fai visible no día de hoxe esa flor de purgatorio. Son os santos e os pecadores. Ambos os grupos chegan ao mesmo tempo á sala de espera, controlada por un garda rockeiro. Saben que non hai prazas para todos e terán que demostrar as súas habilidades e aptitudes para atravesar a porta.

+ info. en: *www.pistacatro.com*



### QUEREMOS BAILAR!

D2

Autores: Teresa de la Hera, Diego Freire, Manu Lago, Paulina Alonso, Begoña Cuquejo e Cristina Balboa
Dirección: Teresa de la Hera / Elenco: Diego Freire, Manu Lago, Paulina Alonso, Begoña Cuquejo e Cristina Balboa
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

*Queremos bailar!* e liberarnos, manifestar fisicamente que as nosas mentes non teñen o control de todo e que todo é posible. *Queremos bailar!* fala en clave de humor das paixóns, daquelas das que sentimos vergoña por seren a nosa esencia.

+ info. en: *www.ciad2.com*



### QUERO SER GRANDE

Talía Teatro

Autor: Artur Trillo / Dirección: Artur Trillo
Elenco: Marta Ríos, Rosi Barcala e María Ordóñez
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Espectáculo cómico creado sobre historias curtas que tratan de contar as vicisitudes da adolescencia, esa idade controvertida e polémica que xera luces e sombras.

+ info. en: *www.taliateatro.es*



### SEMPRE AO LONXE

Mofa e Befa

Autores: Quico Cadaval, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz / Dirección: Quico Cadaval / Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Mofa e Befa retoman o seu humor ácido e crítico para facernos reflexionar sobre a conformación multiétnica da sociedade actual. Unha variada mostra de diferentes e singulares etnias que, cunha carga musical moito maior que en anteriores espectáculos, demostra que a interculturalidade e a convivencia entre culturas, razas e modos de pensar é posible.

+ info. en: *www.emedous.com*



# JESÚS QUIROGA

## POESÍA EN DANZA

ERA SOAMENTE UN RAPAZ CANDO O BAILE SE CONVERTEU NO EIXE CENTRAL DA SÚA VIDA E DESDE ENTÓN VIVE POR E PARA A DANZA. ESTE BAILARÍN FERROLÁN, TAMÉN COREÓGRAFO E MESTRE, MANEXA UN ESTILO PERSOAL, CREATIVO E MOI COIDADO EN CADA UNHA DAS SÚAS MONTAXES. E ASÍ O PON DE MANIFESTO NO SEU ESPECTÁCULO MÁIS RECENTE: *A LUZ*. Á FRONTE DA COMPAÑÍA GALEGA DE DANZA CONTEMPORÁNEA BALLET JESÚS QUIROGA, LEVA SUMADOS MOITOS ÉXITOS PARA A DANZA GALEGA ACTUAL E DE SEGURO QUE A SÚA INCANSABLE ANSIA POR EXPLORAR NESTA ARTE NON QUEDARÁ AÍ.



Fotografía: Juan Vilariño

Sendo apenas un adolescente, en 1980, marchou a Madrid, onde estudou danza na Escola do Ballet Nacional de España, da man de artistas como Maya Plisetskaya, entre outros grandes desta arte, e no Real Conservatorio Profesional de Danza, onde se licenciou en Pedagoxía da Danza. Confesa que bailar "é como espir os teus sentimentos ante o público" e recoñece que o que sempre o atraeu desta disciplina foi, en particular, "a beleza do movemento e a plástica por crear nun espazo baleiro de sentimentos cheos de poesía".

Quiroga busca recursos para a creación das súas montaxes na literatura, na música na arquitectura ou na moda, o que lle achega un espírito ecléctico e en constante renovación. Así naceron producións como *Fonte Wallace* (1996), *Preludio e fuga* (2000), *Salón Gaudí* (2001) ou, por exemplo, *Compás de outono* (2002).

No libro de poemas da escritora galega Eva Veiga que leva por título *A luz e as súas cicatrices*, Jesús Quiroga atopou a inspiración e o mellor discurso para dar forma ao seu último traballo coreográfico. Trátase dunha historia que fala de algo tan sinxelo como a vida. A vida entendida como a propia existencia, pero, tamén, como unha actitude coa que nos enfrontamos ao noso presente e ás súas circunstancias desde o noso rol de home ou muller.



### TESTOSTERONA
Chévere

Autor: Chévere / Dirección: XRon / Elenco: Patricia de Lorenzo e Natalia Outeiro "Pajarito" / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Son B. Aceptei estar neste programa conscientemente. Isto para min é unha vitoria. Porque vivimos nun estado biopolítico, no que está claramente diferenciado o masculino do feminino. Cando nacemos, temos asignado un lugar ou outro, todos aprendemos en que baño entrar. Hai dúas expresións sociais e políticas xerarquicamente diferenciadas: o home, canon do humano, e a muller, receptáculo reprodutivo. Pero, en fin, é absurdo pensar que o pene é un órgano sexual masculino. Ou que a testosterona é unha hormona estritamente masculina. Porque a masculinidade non está definida pola capacidade de ter unha erección, senón pola dificultade de mantela.



### TOCAMOS A DOS BALAS POR CABEZA
Loscorderos.sc

Autor: Loscorderos.sc / Dirección: Loscorderos.sc Elenco: David Climent, Nacho Vera, Pablo Molinero e Pablo Rega / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

En *Tocamos a dos balas por cabeza*, internámonos nunha viaxe químérico-utópica polos recantos da cultura popular, a relixión, a superstición, as lendas, os dogmas, os fanatismos, a linguaxe… en boa parte dos comportamentos que nos diferencian do resto de seres vivos. Centrámonos nas crenzas máis arraigadas da humanidade, xa que algunhas destas se achegan perigosamente á patoloxía.

+ info. en: *www.loscorderos.es*



### UNHA PRIMAVERA PARA ALDARA
Teatro do Atlántico

Autora: Teresa Moure / Dirección: Xúlio Lago Elenco: María Bouzas, Pilar Pereira, María Barcala, Belén Constenla, Marcos Correa, Josi Lage, Lucía Regueiro, Amparo Malo, Agustín Vega e Xoán C. Mejuto Xénero: Teatro adultos/Drama

As monxas do mosteiro de Santa María están a pasar por un momento difícil; os medios económicos non alcanzan e os arrendatarios das súas terras hai tempo que non lles fan pago das rendas. No exterior é tempo de revoltas; contra dos abusos dos nobres feudais, que fixeron dos tributos e dos dereitos señoriais un agravio permanente en contra dos labregos, estase a producir un crecente movemento de rebeldía: estoupa a Revolta Irmandiña…



**A ARTE DO IMPOSIBLE**
Mago Rafa

Autor: Rafael Pereira / Dirección: Rafael Pereira
Elenco: Mago Rafa / Xénero: Maxia

Coa estrea de *A arte do imposible*, frase coa que o finado Pepe Carrol acostumaba definir a maxia máis abraiante, o Mago Rafa dá un novo paso na súa carreira profesional incorporando novos efectos visuais e musicais. O ilusionista lugués será o guía e cicerone nesta viaxe a un mundo fascinante durante a que os espectadores se achegarán moi de preto a artes tan engaiolantes como a adiviñación ou o mentalismo, pero sempre sen esquecer un humor próximo, cotián e desenfadado que fará gozar un público de todas as idades.

+info. en: *www.magorafa.com*



**A MAXIA DA SANTA COMPAÑA**
O Mago Teto

Autor: Mago Teto / Dirección: José Prieto
Elenco: Aitor Rei, Héctor García, Jorge Prieto, Rodrigo Rey Duarte e A Santa Compaña Band (Vadzim Yukhnevich, Carlos Freire, Xacobe Lamas e Iago Rodríguez)
Xénero: Maxia

Hai algúns anos, cando o mago regresaba de facer unha actuación nunha verbena na Costa da Morte, tropezou coa Santa Compaña, que o condenou a facer as súas maxias por Galicia adiante para salvar as almas en pena e incluso para salvar a súa propia vida. Con esta maldición ás costas, o mago terá que buscar unha solución para se salvar e non estar condenado a vagar eternamente. E isto só é o comezo da historia dun conflito entre unha persoa e o destino...

+info. en: *www.magoteto.com*



**A MAXIA DE BENXAMÍN**
Mago Benxamín

Autor: Benxamín Fernández Penedo
Dirección: Benxamín Fernández Penedo
Elenco: Benxamín Fernández Penedo
Xénero: Maxia

A peza que ideou bástase dunha voz en *off* que vai pronunciando unha selección de versos para enfiar cada acto do espectáculo. O escenario, ao son da danza, rebosa entón movemento, forza... matices vermellos que simbolizan o sangue, a paixón, a vida máis primitiva. Na segunda parte da obra, os roles masculino e feminino individualízanse e cobra protagonismo a relación home-muller. Jesús Quiroga e tres bailarinas forman o elenco que interpreta agora personaxes estereotipadas que evocan en nós sentimentos tan dispares como o amor, o triunfo, a banalidade... o recordo da infancia. As cores que visten a sobriedade da escena seguen a ser neutras: branco, como símbolo da luz, azul e vermello. A música, a iluminación e as proxeccións sobre o escenario completan a estética do conxunto artístico co que o coreógrafo ferrolán converte a poesía en movemento.

Con este espectáculo, Quiroga leva asinadas máis dunha quincena de obras nunha carreira artística que ten como punto de inflexión o ano 1995, cando, con grande esforzo, fundou a súa propia compañía. É, polo tanto, un dos referentes fundacionais da danza contemporánea no noso país.

Ferrol, a súa cidade natal, foi testemuña directa da progresión da súa longa traxectoria como bailarín, coreógrafo e mestre desde o nacemento da Compañía Galega de Danza Contemporánea Ballet Jesús Quiroga e, ao seu abeiro, a Asociación Cultural Mundo Danza, dedicada ao ensino do baile.

A poucos metros da coñecida praza de Amboaxe, nun antigo e deteriorado edificio da cidade naval, a compañía de danza comparte localización co Museo de Historia Natural. Aínda que as instalacións están pendentes de seren reformadas, se accedemos ao segundo andar deste histórico inmoble e cruzamos a porta de entrada á sede da compañía, semella que entraramos nunha vetusta e encantadora escola de ballet, desas que nos poden chegar a evocar ambientes ao máis puro estilo parisiense, como o propio Quiroga admite. Estamos na escola de danza da asociación e lugar de ensaio para a compañía. Os alumnos matriculados son moitos e de idades diversas. Jesús Quiroga, que imparte clases neste lugar e no Conservatorio Profesional de Danza de Lugo, coñece a fondo a pedagoxía desta arte, faceta que suma á de creador coreográfico.

"Ensinar danza é un ciclo que implica estar en continuo movemento non soamente físico, senón tamén mental. Tes que estar moi esperto durante a clase porque os alumnos son moi diferentes. Hai que empregar moita psicoloxía para transmitir os teus coñecementos e ser moi consciente do que fas, porque está en xogo a formación de futuros bailaríns", explica. Así e todo, admite que "se ve enseguida" cando un alumno ten calidades para o baile, aínda que recoñece que "son poucos" os que optan por unha profesión que require de moito sacrificio.

Na escola, apréndeselles aos alumnos danza contemporánea, pre-ballet para os máis pequenos, baile moderno, baile español e ballet clásico. "O ballet clásico é para min o que para os gregos eran os canons de beleza. En calquera arte, a cultura clásica é a raíz de todo e, na danza, permíteche realizar calquera faceta ou técnica que queiras", resalta o coreógrafo, que avoga por que non haxa rivalidade entre a danza clásica e contemporánea.

O tempo que lle deixa libre o ensino dedícao por enteiro á compañía. Onda el, traballan desde hai anos as bailarinas Ana Belén Ferreiro, Eva Faraldo, Iris Pintos e, nesta última montaxe, tamén Sabela Adalid. Xuntos conforman un equipo que leva tempo achegando a súa profesionalidade á danza contemporánea galega e ao que esperarán moitos novos proxectos.







## DAKARA
### Dani García

Autor: Dani García / Dirección: Dani García
Elenco: Dani García, Olalla Martínez e Mateo González
Xénero: Maxia

No reino de Dakara xúntanse os grandes efectos da maxia, os máis espectaculares, como persoas que aparecen e desaparecen, o mago atravesado pola súa axudante, levitacións imposibles, maxia argumentada, humor e participación co público, así como moito misterio.

+ info. en: *www.danigarcia.net*



## FEITIZO
### Martín Camiña

Autor: Martín Camiña Serén / Elenco: Martín Camiña
Xénero: Maxia

Espectáculo que mestura a maxia, o humor e a participación do público, percorrendo os diferentes estilos na arte da ilusión. *Feitizo* é o conxunto de prácticas destinadas a conseguir un efecto máxico ou extraordinario. Quen non soñou con dominar elementos intanxibles como o fume, ou adiantarse ao pensamento de alguén, ou trocar de cor as cousas? Como se dunha fonte máxica se tratase, das mans sairán continuamente as cartas; as ataduras diarias dos nosos problemas, que nos oprimen, reflectiranse no escape da camisa de forza; e a folla dunha guillotina descenderá irremediablemente para separar o real da ilusión. Todo isto e máis: cigarros, panos, cordas, xornais, billetes, espadas, etc., serán só algúns dos ingredientes deste feitizo, no que todos os momentos estarán recubertos pola música ou a palabra, que trasladarán o espectador a un mundo máxico: o da emoción.

+ info. en: *www.martinilusionista.com*



## HISTORIAS DE MAXIA
### Chrystyan Magic

Autor: Chrystyan Magic / Dirección: Chrystyan Magic
Elenco: Chrystyan Magic e Sonya Lago / Xénero: Maxia

Espectáculo de maxia de escena para toda a familia, conta cun elaborado guión no que a maxia, os contos e as historias se entrelazan cun fío de elegante comicidade que fará que todos viaxemos alén da ilusión e da fantasía.

+ info. en: *www.chrystyan-magic.com*



### ILUSIONA2. GRANDES ILUSIÓNS

Mago Xacobe Sanz

Autor: Xacobo Sánchez Carro e Juan Gallego Luque
Elenco: Xacobo Sánchez Carro e Juan Gallego Luque
Xénero: Maxia

Representado con grande éxito no Teatro Fígaro-Adolfo Marsillach de Madrid en xuño de 2008, *Ilusiona2* non só fará gozar o espectador de momentos irrepetibles, senón que axudará a establecer unha perspectiva real das cotas que, como disciplina artística de alto nivel, esixe dos seus intérpretes a arte da maxia. É un *show* teatral, dramatizado, no cal os artistas, como personaxes dunha comedia, dialogan, se enfrontan a conflitos, producen humor e van deixando, a medida que se desenvolven os acontecementos, potentes efectos de maxia.

+ info. en: *www.magoxacobe.com*



### ILUSIÓNS MÁXICAS 2009

Mago Xacobe Sanz

Autor: Xacobo Sánchez Carro / Elenco: Mago Xacobe Sanz / Xénero: Maxia

*Ilusións máxicas* combina toda a fantasía da maxia coa frescura da improvisación teatral. Un espectáculo humorístico de intriga, evasións, adiviñacións, revelacións e algunha que outra levitación no que a interacción co público resulta fundamental. A combinación das distintas ramas da maxia dá como resultado unha proposta ideal para todos os públicos, ideal para o familiar, que foi ademais o único espectáculo de maxia representado na "Noite en branco" de Madrid.

+ info. en: *www.magoxacobe.com*



### LABIRINTO DE ILUSIÓNS

Román García

Autor: Román García / Elenco: Román García
Xénero: Maxia

Neste labirinto, os efectos máxicos están acompañados de historias surrealistas e cómicas nas que participa permanentemente o público. Así, poderemos ver por primeira vez a Rufo, un mapache amestrado capaz de lanzar lume pola boca e localizar a carta dun espectador. Celebraremos un xuízo popular para descubrir o asasino de Lord Byron, mostraremos a precisión dun detector de mentiras de última xeración e viaxaremos no tempo. Tamén estará presente a fascinante maxia de preto, que o público poderá seguir a través dunha proxección en directo.

+ info. en: *www.magoroman.com*



### MAXIA Ó CADRADO

Symbiosis Producións

Autor: Dani García e Marttyn Andersen
Elenco: Marttyn Andersen e Dani García
Xénero: Maxia

Froito do traballo conxunto durante anos de dúas das máis innovadoras e frescas mentes da maxia galega nace *Maxia ó cadrado*, unhas delirantes pílulas máxicas que mesturan o humor, a fantasía e a comunicación. Dous magos que se atopan xuntos nun escenario, na compaña do público e con ganas de pasalo ben.

+ info. en: *www.symbiosis.magomarttyn.com / www.symbiosis.danigarcia.net*



### MOMENTOS MÁXICOS

Mago Rafa

Autor: Rafael Pereira / Elenco: Mago Rafa
Xénero: Maxia

O poder de provocar incerteza escapando de onde ninguén podería, de cambiar toda a lei física só coas mans, de facer dubidar nenos e maiores da realidade cotiá, pero poñendo un punto de esperanza e ilusión, é a meta final deste espectáculo co que o Mago Rafa quere demostrar que o imposible pode facerse realidade por arte de maxia.

+ info. en: *www.magorafa.com*



### NANOMAXIAS

Román García

Autor: Román García / Dirección: Román García
Elenco: Román García / Xénero: Maxia

Espectáculo de maxia de preto absolutamente sorprendente: con cousas pequenas e emocións fortes, maxia a un palmo dos teus ollos ou ata nas túas propias mans. En *Nanomaxias* asombraraste e divertiraste coas historias máxicas e surrealistas do Mundial de Fútbol, os caníbales do Amazonas ou a viaxe á Lúa do comandante Bouzas, entre outras. Cartas que cambian de cor, buracos viaxeiros, moedas que desaparecen e reaparecen nas mans do espectador ou billetes que multiplican o seu valor son só algúns dos pequenos milagres deste espectáculo.

+ info. en: *www.magoroman.com*



### SYMBIOSIS

Symbiosis Producións

Autor: Martin Andersen e Daniel García
Dirección: Martin Andersen e Daniel García
Elenco: Dani García e Marttyn Andersen / Xénero: Maxia

Un espectáculo divertido, innovador, máxico... bla, bla, bla... Así sería a descrición de "outro" espectáculo de maxia, pero *Symbiosis* é diferente, e moi difícil de explicar con palabras.

+ info. en: *www.symbiosis.magomarttyn.com / www.symbiosis.danigarcia.net*



### A CAIXA PECHADA

Páprika Teatro

Autores: Silvina Reinaudi e Pablo Nojes / Dirección: Pablo Nojes / Elenco: Javier Villa e Pablo Nojes
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Os descubrimentos do gato Sietevidas, o día en que cre que todo é aburrimento. Cando un mozo xa aburrido dos seus xoguetes non sabe que facer, unha pedriña, un fío, unha folla ou simplemente unha caixa pechada trasladarano a un mundo pleno de imaxinación e aventuras.

+ info. en: *www.pablonojes.com*



### A ORIXE DOS GHAZAFELHOS

Ghazafelhos

Autores: Montse Piñón e Pepablo Patinho
Dirección: Pepablo Patinho / Elenco: Montse Piñón e Pepablo Patinho / Xénero: Teatro infantil/Comedia

A Dra. Mon Champignóm e o Dr. Pe Arrepío deciden investigar, no máis profundo da fraga, se os míticos "ghazafelhos" existen ou son quizais unha invención... e, se é así, quen a argallou? Este espectáculo é unha mestura de teatro de monicreques e teatro de actor e actriz, no que se trata o tema dos medos e a súa solución, así como o respecto pola natureza.



### A RATITA E O CARACOL

Páprika Teatro

Autor: Pablo Nojes / Dirección: Pablo Nojes
Elenco: Carla Espósito / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Unha ratiña e un caracol saen das súas covas para percorrer o mundo, e descobren o fermoso que é coñecer as persoas e as cousas, aos poucos. Un espectáculo alegre, poético e delicado, para os máis pequenos, animado con monicreques de mesa.

+ info. en: *www.pablonojes.com*



### ALADIM PERDIDO NA GALICIA

Encena Producións Artísticas

Autor: Roberto Cordovani / Dirección: Roberto Cordovani
Elenco: Roberto Cordovani, Soraya Cabrera, Ana Areal, Raquel Marquina e Ulises Alve / Xénero: Teatro infantil/Musical

A bruxa Maruxa, farta da represión da súa irmá –a soberana Franca, tamén bruxa– e cansa do estereotipo de que a bruxa ten que ser mala, resolve pórse do lado de Aladín, da pantasma e dunha boca enfeitizada hai anos por falar de máis contra as regras ditatoriais daquel país. Aladín e a bruxa Maruxa, indignados cos "problemas xa establecidos", resolven cambiar o panorama en terras galegas. Trátase dun espectáculo con efectos especiais, humor e dinámicas coreografías nunha trama na que o mozo oriental está á procura da súa alfombra voadora, secuestrada, para retornar a Bagdad.

+ info. en: *www.tal2005.com*



### AS AVENTURAS DE POLICHINELA "A GALIÑA NEGRA"

Danthea Teatro

Autor: Anónimo / Dirección: Carlos Clemente
Elenco: Carlos Clemente, Vicente Roura, Tabo, Borxa, Llou / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Polichinela e Pierrot son dous amigos de trasnadas que deciden entrar na casa do bruxo para apropiarse da pota máxica, crendo que esta converte as cousas en ouro. Unha vez dentro, atópanse cunha galiña negra que lles vai cambiar a sorte, o problema é que non sabemos se a sorte é boa ou mala... Non deberiamos tentar a sorte, pois esta é caprichosa e un sortilexio pode converternos no que realmente somos e non queremos ser.

# Sístole e diástole

Lupe Gómez

O teatro, como a música, está relacionado cos movementos do corazón. Por iso aplaudimos cando nos gusta un espectáculo. Moitas veces estamos tan contentos/as de asistir ao teatro que temos ganas de aplaudir antes de que empece a función, porque é unha emoción grande como un barco.

O actor e escritor Roi Vidal dicíame nunha entrevista que cando era neno e vía pasar pola rúa o camión do lixo, coas súas cores rechamantes, dicíalle a seu pai: "Mira, papá, teatro!". Aplaudir é algo máis que un formalismo. Trátase dunha forma de agradecemento, un xesto de amabilidade. Os actores e as actrices saben moi ben distinguir cando un aplauso é sincero ou non. Os movementos das mans son sístole e diástole.

O sistema cardiovascular funciona máis rápido e con máis forza cando imos ao teatro. Pasámolo tan ben como nunha festa de churrasco. É tan emocionante ver os vestiarios, a maquillaxe, o espazo escénico, que recuperamos de súpeto todos os soños da infancia: eses soños que nunca se cumpriron e nunca se cumprirán, pero que atopan acubillo no teatro.

No momento dos chistes e das actuacións redondas, o espectáculo ten a elegancia de deterse para que os espectadores poidamos aplaudir.

As salas de teatro son espazos que facilitan a circulación do sangue polas arterias. Estamos moito mellor que nas nosas propias casas. Sentímonos salvados/as da chuvia, da neve e do aire. Son como as salas de cine: teñen algo de templos e relixión mundana. Non nos van predicar nin nos van castigar, senón que van facer o posible para que sexamos felices. Por iso temos ganas de quitar os zapatos e poñernos cómodos/as. O corazón quere aplaudir e loar esa festa de cores rechamantes como o lixo.

A profesión do teatro en Galicia é persistente e no pasado foi algo atormentada. O aburrimento político e social trasladábase ao escenario. Agora estamos nun momento de entusiasmo vivo. Galicia é un espazo grande para facer moitas cousas e a profesión teatral rebole, estoupa.

> *"O corazón do teatro galego sempre estivo un pouco atascado, e necesitou, e segue necesitando, apoios e tratamentos de cariño. Sentir a calor da xente é a mellor fórmula para superar o colesterol.*

O mundo da creación en Galicia amosa unha riqueza grande. Gústame conversar coas persoas que teñen un especial brillo nos ollos porque van publicar un libro, presentar un espectáculo de danza ou facer un cabaré.

### A calor da xente

O corazón do teatro galego sempre estivo un pouco atascado, e necesitou, e segue necesitando, apoios e tratamentos de cariño. Sentir a calor da xente é a mellor fórmula para superar o colesterol. Cando a compañía Berrobambán constrúe un divertidísimo espectáculo para darlles as *Boas noites* aos nenos, e os corazóns dos nenos quedan cativados polo teatro, entón o teatro galego respira cuns pulmóns cheos de aire novo e fresco.

Cando a compañía Matarile constrúe en *Animales artificiales* un universo tan xenial e excéntrico e os corazóns da xente se senten sorprendidos e acelerados, entón o teatro sae do seu camposanto e da súa gaiola, e podemos ir a París ou a Nova York estando orgullosos do noso teatro galego. Cando Branca Novoneyra e Iria Pinheiro constrúen *Nexus 6*, con música electrónica e boleros, a calor da xente fai que o corazón da danza galega atope ríos enormes para expresarse e para latexar apaixonadamente.

Son moitos os entusiasmos e as ventás abertas. Os camiños novos, torpes aínda, pero firmes e decididos. É importante que o teatro galego se abra á cidadanía e que chegue a concellos grandes e pequenos, a aldeas. A xente ten ganas de aplaudir e mesturarse coas comedias e cos dramas, coas historias do circo e dos monicreques. Hai auténtica fame de teatro. Sempre a houbo e sempre a haberá. Máis que un artificio, é algo que forma parte da vida diaria da xente. Necesitamos soñar para evitar a morte emocional.

O amor polo teatro é algo que os nosos corazóns desexan e piden. Choramos e rimos, como se fósemos nun tren a algún lugar marabilloso. "O teatro préstase para o compromiso e a denuncia", dicíame Roi Vidal na entrevista para *Galicia Hoxe*, e eu creo que cando facemos teatro estamos imaxinando moitas guitarras. Estamos recreando e reconstruíndo a vida e o mundo. O corazón do teatro galego latexa porque está namorado.



### BABILIGLUB
Galitoon Productions

Autora: Andrea Bayer / Dirección: Andrea Bayer
Elenco: Óscar Ferreira, Santiago Alonso e Xurxo Cortázar
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

A tranquilidade, a calma e a normalidade do fondo do mar veranse interrompidas por un pequeno peixe e a súa peculiar forma de falar, diferente á de todos os peixes. O noso pequeno amigo intentará integrarse na vida cotiá nas profundidades do mar, pero o que vai obter é o rexeitamento de todos; ben, de todos non: a pequena estrela imitará en todo o noso amigo. Xuntos vivirán divertidas e temerosas aventuras procurando ser aceptados polo resto.

+ info. en: *www.galitoon.com*



### BICHARADA
Berrobambán Teatro

Autora: Cris F. / Dirección: Evaristo Calvo
Elenco: Paula Carballeira, Chiqui Pereira e Manolo Panforreteiro / Xénero: Teatro infantil/Outros

Un espectáculo visual aberto a todos os públicos sobre eses grandes monstros que son os animais pequenos que esperamos atopar cando saímos ao campo. Xogando cos elementos mínimos que compoñen unha acampada (tenda e saco), cóntanse pequenas historias sobre arañas, mosquitos, avelaíñas, abellas... e algúns máis. Berrobambán regresa ao territorio mudo, á linguaxe visual e ao humor sen palabras.

+ info. en: *www.berrobamban.com*



### BOAS NOITES
Berrobambán Teatro

Autora: Paula Carballeira / Dirección: Jorge Padín
Elenco: Paula Carballeira, Anabell Gago, Chiqui Pereira, Pili Alonso, Manolo Panforreteiro; músicos de escena: Vadim Yukhnevich, Pablo Pérez e Begoña Riobó
Xénero: Teatro infantil/Outros

Para poder durmir ben tes que acabar cos teus medos, iso sábeo de sobra Pedro Chosco, que é quen nos trae o sono cada noite. Xiana, pola contra, só pensa en atopar algo de tempo para xogar e, se polo día ten demasiadas cousas que facer, pola noite é libre de dispor do seu tempo. Pero a noite é o momento do misterio, das criaturas que non se atreven a asomar polo día, e, se non dormes, descubrirás o que se agocha entre as sombras.

+ info. en: *www.berrobamban.com*



### BOLBORETA
Títeres Trompicallo

Autores: Marián González e Luís González
Dirección: Santiago Montenegro / Elenco: Marián González, Luís González e Nacho Sanz / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

*Bolboreta* é a historia da relación entre unha nena e seu pai. A nena, unha princesa, e o pai, un rei, que a través dun personaxe nun principio aterrador se van descubrir mutuamente. Unha historia que fala da superación dos medos, do respecto aos que son diferentes, da forza da amizade para cambiar o mundo, da rebeldía propia dos nenos e nenas, a través da relación paterno-filial.

+ info. en: *www.trompicallo.com*



### C@NTO
Ni Fu Ni Fa Animación

Autor: Ildefonso G.ª de Longoria Ramos
Dirección: Mónica Alonso González
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Cantar un conto ou contar unha canción... A cousa non está moi clara. Pero se cres que xa o viches todo, se cres que degradar o contorno non vai ter consecuencias, ou se cres que ler é algo aburrido co que non se aprende nada, talvez entón, e só entón, debas ver este espectáculo. Unha idea na que dous trasnos acompañados das criaturas que habitan o seu libro xigante nos invitan a ler, cantar, discorrer, e, sobre todo, a pasalo moi ben respectando o ambiente.

+ info. en: *www.xente.mundo-r.com/ni fu ni fa*



### CANTACONTOS
Migallas Teatro

Autores: María Campos e Carlos Yus / Dirección: María Campos / Elenco: María Campos e Carlos Yus
Xénero: Teatro infantil/Outros

En *Cantacontos*, os contos tradicionais ou de creación propia son arrequentados con cancións, música ou sons que contribúen a espertar emocións nos nenos e nenas. Todos os contos tratan cuestións próximas aos/ás nenos/as e convídannos a participar no seu desenlace. As cancións complementan os seus contidos. Os contos tradicionais ou de creación de María dos Contos tratan cuestións moi próximas e teñen como finalidade, ademais de entreter e divertir, presentar posibles solucións a algúns conflitos propios das idades dos/as cativos/as.

+ info. en: *www.migallas.com*



### CHINCHA RABINCHA
A Xanela do Maxín

Autora: Celtia Figueiras / Dirección: Luis Vallecillo
Elenco: Celtia Figueiras / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Nesta obra veremos como se entrelazan as vidas dun pallaso paroleiro, dun bruxo pintor de soños e dun vergonzoso cativo para dar fin aos pesadelos que atormentan os/as nenos/as pola noite. Personaxes entrañables que encarnan a inocencia, a sabedoría e a bondade, e que teñen moito que aprender os uns dos outros para, unidos, rematar cos medos e, así, facer desaparecer os pesadelos.

+ info. en: *www.axaneladomaxin.com*



### CINCO HISTORIAS PARA UNHA MAN
Spaguetti Títeres

Autor: Gabriel Castilla / Dirección: Arturo Pérez
Elenco: Arturo Pérez, Antonio Rodríguez
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Spaguetti cóntanos cinco historias para unha man: o soño, a pingueira, historia con flores, o impo e adeus xogando. Cinco pequenas historias mudas cheas de sinxeleza e frescura, ligadas polas mans. Cinco historias mímicas nas que o movemento e a expresión substitúen as palabras.

+ info. en: *www.sptiteres.blogspot.com*



### CÓSIMA
Sarabela Teatro

Autor: Chris Baldwin / Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda
Elenco: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago e Elena Seijo/ Xénero: Teatro infantil/Comedia

Unha nena marcha a vivir a unha árbore, fuxindo dun pai autoritario e distante. No seu refuxio, a nena continúa comunicándose con súa nai, a pesar da oposición do pai, grazas a unha linguaxe de signos que inventan entre elas; ademais, recibe as visitas dunha amiga que lle leva comida e do seu novo amigo, Papagueno, coidador de paxaros. Ao final a nena convida a seu pai a subir á árbore, amosándonos a transformación que se produciu nela despois da viaxe iniciática que causa a fuxida.

+ info. en: *www.sarabelateatro.com*



### CRISTOVO E O LIBRO DAS MARABILLAS
Sarabela Teatro

Autora: Fina Calleja / Dirección: Fina Calleja
Elenco: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago, Elena Seijo e Fina Calleja. Manipuladores: José Bayón e Rubén Dobaños / Xénero: Teatro infantil/Xestual

Colón é neno e o mundo quédalle pequeno. Aborrece a escola. Cristovo quere viaxar e cre que a coraxe e a forza son a súa mellor carta de presentación. É inxenuo pensar que ninguén se vai aproveitar de tan boas intencións. Sofía e o libro das marabillas descubriranlle que a máis grande aventura está no coñecemento. Como, se non, un neno de doce anos pode coñecer Armenia, Bagdad, as estepas tártaras ou a escintilante corte de Kublai Kan?

+ info. en: *www.sarabelateatro.com*



### EL ROMEO Y LA JULIETA
La Tirita de Teatro

Autor: La Tirita de Teatro / Dirección: Alberto Alfaro
Elenco: Patricia Charcos, Rodrigo Ramírez, Paco Úbeda
Xénero: Teatro infantil/Outros

Que pasaría se Romeu e Xulieta fosen dous nenos, fillos de inmigrantes? E se en lugar de Montescos e Capuletos a "disputa" fose entre dúas culturas tan diferentes como a nixeriana e a colombiana? Román e Julieta viven a súa historia de amor fronte á oposición de seus pais, desexosos de preservar as súas raíces nun país estraño, e a comprensión de súas nais, que saben ver o amor que os une máis alá da cor da pel e da súa orixe. *El Romeo y la Julieta* fálanos de emigración, integración e, o máis importante, de que por encima de todo están as persoas, os sentimentos e o respecto cara aos demais.

+ info. en: *www.agada.es*



### GLUB, GLUB
Caramuxo Teatro

Autor: Juan Rodríguez / Dirección: Juan Rodríguez
Elenco: Juan Rodríguez e Laura Sarasola
Xénero: Teatro infantil/Outros

Primeiro espectáculo de teatro para bebés realizado en Galicia. Unha montaxe para nenos de 6 meses a 3 anos acompañados por adultos. *Glub, glub* conta a historia da amizade entre un barquiño de papel afundido no fondo do mar e un peixe rebuldeiro. Unha montaxe chea de estímulos e cunha linguaxe sinxela, case xestual, que introduce os máis novos nunha aventura fantástica e sorprendente. Unha oportunidade para gozar cos fillos da primeira viaxe polo mundo do teatro.

+ info. en: *www.caramuxoteatro.net*




### HISTORIAS DE TÍTERES
Teatro de Marionetas Trécola

Autor: Trécola, a partir de textos de Villafañe e Guaira Castilla / Dirección: Rafael Vázquez Cabrera
Elenco: Ero Vázquez Cabrera e Isabel García Coldeira
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Tres pezas onde as personaxes se fan protagonistas do escenario, achegando aos nenos a maxia das marionetas, xunto coa persoa que as manexa que, con xogos e cancións, fai deste espectáculo unha festa dos monicreques de luva. Nunha escenografía en negro e con xogos de planos, represéntanse as adaptacións de Trécola de *Sidulfo e o diaño*, e de dúas pezas sen palabras: *Impo* e *Pingueira*.



### MARUSÍA
Teatro Babaluva

Autores: José Prieto e Larraitz Urruzola / Dirección: Tatán
Elenco: Mirari Urruzola e Larraitz Urruzola
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Marusía é unha nena que vive preto do mar. Nesta historia, ten que superar a proba dos tres emes: a Mentira, a Maldade e o Medo, encarnados nun construtor sen escrúpulos, un furtivo do marisqueo, e o terror ao descoñecido. Só superando esta proba, Marusía conseguirá que un fado recupere a súa maxia. Ao longo da aventura, as personaxes desvelarán, de xeito dinámico e divertido, algunhas das causas dos grandes males que sofre o mar e proporán vías para conseguir entre todos mellorar o ambiente.



### O MONSTRO DO CASTELO
Teatro del Andamio

Autor: Álvaro Guevara / Dirección: Álvaro Guevara
Elenco: Sheila Sardá, Bárbara Grandío, Manu Clavijo, Carlos Martín e Anxo Tirado / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Iago, un repartidor de pizza, ten que entregar unha grande de “mozzarela e chourizo” nun enderezo. Perdido, atopa dous vendedores do top-manta que en realidade son unhas bruxas no paro. Elas, que tamén van ao mesmo enderezo, esperan a que abran a porta do castelo..., pero no interior espéraos o monstro para comelos aos tres e a pizza, por suposto. Despois de escenas de terror e rap, saberemos cal é o segredo do monstro do castelo.

+ info. en: *www.teatrodelandamio.com*



### PACAMA
Katarsis, Educación e Teatro

Autores: Kevin Stewart e Carolina Ramos
Dirección: Omar Álvarez / Elenco: Kevin Stewart e Pablo Sánchez / Raquel Feliu / Xénero: Teatro infantil/Xestual

Un espectáculo non verbal para rapaces a partir de dous anos. Dous amigos descobren un mundo de aventuras no seu cuarto que os distrae do sono. A lúa e as estrelas son o marco deste espazo tan divertido e acolledor en que apetece xogar... e descansar.

+ info. en: *www.katarsiseyt.com*



### LAZARILLO
Caramuxo Teatro

Autor: Anónimo / Dirección: Juan Rodríguez
Elenco: Xosé Manuel Esperante, Juan Rodríguez e Laura Sarasola / Xénero: Teatro infantil/Clásico

Caramuxo Teatro repón un dos seus éxitos, *Lazarillo*, espectáculo que achega unha nova visión do clásico desde a tradición e cultura galegas, “galeguizando” a novela e achegándoa máis á nosa realidade, cambios que, seguindo fieis o orixinal, intentan facer a novela máis próxima á nosa xuventude. Unha historia de fame e supervivencia para todos os públicos.

+ info. en: *www.caramuxoteatro.net*



### MENOS LOBOS
Talía Teatro

Autor: Artur Trillo / Dirección: Artur Trillo / Elenco: Rosi Barcala, Marta Ríos, Xurxo Barcala e Gustavo G. Dieste
Xénero: Teatro infantil/Comedia

Jennifer, Christopher e Jonathan son tres nenos de sete anos que van á casa da súa amiga Jessica a celebrar o seu aniversario, pero que se atopan coa noticia de que a festa é mañá. *Menos lobos* é un espectáculo áxil onde o ritmo trepidante dos seus diálogos intentará en todo momento captar a atención do público infantil.

+ info. en: *www.taliateatro.es*



### O REI DE MARES
The Pinga Teatro

Autores: Miquel Condal e Suso Pando / Dirección: Miquel Condal / Elenco: Suso Pando, María Carrera e Miquel Condal / Xénero: Teatro infantil/Outros

Quintiño é un neno moi imaxinativo; de feito, vive máis tempo nas nubes que na terra. Pero unha das cousas que máis lle gusta é pasar a fin de semana co seu avó e navegar no seu barco *O rei dos mares*. Pola noite, e como é costume antes de durmir, o seu avó cóntalle a lenda da Serpi, Felicio e o Capitán. Quintiño pecha os ollos ao tempo que embarca nunha viaxe ao mundo dos soños; no océano infinito da imaxinación, distínguense dúas illas: a dos Felices Soños, protexida polo Capitán e Felicio –gardián dos soños–, e a illa ¡Esperta!, rexida polo peor inimigo de todos os dormentes: Pesadelo...



### P.G.U.
Dinamo Teatro

Autor: Pedro Brandariz Gómez / Elenco: Pedro Brandariz Gómez / Xénero: Teatro infantil/Comedia

P.G.U é un monólogo cómico no que se narra a vida dun gordo. Pedro Brandariz, cun estilo agresivo e transgresor, conta diversas peripecias da súa vida desde a perspectiva de gordo. P.G.U. non é un monólogo clásico, onde toda a importancia está no guión, senón que Brandariz leva a cabo un “monólogo clown”, onde non só importa o que se di, senón tamén a forma de dicilo, a personaxe, etc.



### LOS MÚSICOS DE BRENES
Búho y Maravillas

Autores: Jesualdo Díaz e Juan Luís Clavijo
Dirección: Jesualdo Díaz e Juan Luís Clavijo / Elenco: Irahi Romero, Daniel Romero, Carmela la Chocolate (cantora e marionetista), Juana Larreta (bailaora e marionetista), Juan Marube (cantaor) e Rubén Silva (guitarrista)
Xénero: Teatro infantil/Comedia

*Los músicos de Brenes* está baseada na fábula dos irmáns Grimm *Os músicos de Bremen*, resaltando os valores que transmite esta coñecida e moi representada historia, principalmente a importancia dos vellos na sociedade e o poder que temos as persoas ao unírmonos para conseguir un mundo mellor. Estas e outras mensaxes están reflectidas no espectáculo de forma divertida, amena e en clave flamenca.

+ info. en: *www.agada.es*



### O MAGO DE OZ
Os Quinquilláns

Autor: L. Frank Baum / Dirección: Kevin John Stewart/ Carolina Ramos / Elenco: Eva Vila, Zezilia Meléndrez, Pablo Sánchez, Xoán Curiel e Lucho Penabade
Xénero: Teatro infantil/Outros

Dorinda saíu voando despois de que un refacho de vento a elevase aos ceos. Cando aterra coñece os Musquiños, pero sobre todo vive grandes aventuras con Espantallo, Home de Lata e León Covarde, ata chegaren á Cidade Esmeralda onde vive o Mago de Oz. Nesta aventura, Dorinda demostrará a súa astucia fronte á Bruxa Malvada e a súa tenacidade para conseguir volver á casa.



### OS SOÑOS NA GAIOLA
Compañía do Trinke Trinke

Autor: David Pernas / Dirección: David Pernas
Elenco: David Pernas e Vanessa Rivas
Xénero: Teatro infantil/Outros

Esta obra é unha homenaxe ao poeta Manuel María e nela danse a coñecer parte dos poemas do seu libro *Os soños na gaiola*, presentándonos aos nenos a través da música e o xogo. Nun piso dunha cidade, sentado nun sofá, dorme un vellíño que ata hai pouco vivía na súa aldea. Para que non estivese só, a súa filla levouno vivir con ela. Un día, por sorpresa, recibe a visita da súa neta (xa moza). Os dous van lembrar a pasada vida na aldea.



### POLGARIÑO
Artello Teatro alla Scala 1:5

Autores: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro
Dirección: Manuel Pombal / Elenco: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Na memoria colectiva de todos os pobos hai historias que nos falan dun ser humano débil e pequeno que, coa súa intelixencia, xenerosidade e audacia, é quen de librar os seus dos inimigos máis terribles. Mais para nós, ben por ser o primeiro que coñecemos, ben polo xeito en que o mestre Perrault nos contou a súa historia, é Polgariño o noso favorito entre os heroes clásicos. E aquí estamos, xogando con seixos e miguiñas, deixándonos perder no bosque, probando as botas de Sete Leguas...

+info. en: *www.artello.com*



### RECICLA-ARTE
Ni Fu Ni Fa Animación

Autor: Ildefonso G.ª de Longoria Ramos
Dirección: Mónica Alonso González
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Espectáculo para todas as idades que achega música, monicreques e videocreación...
Coa participación do público, apréndeselles aos máis cativos, dunha banda, as posibilidades educativas e culturais que posúe o papel como soporte de ideas, e doutra, as posibilidades lúdicas e artísticas do material como refugallo. Educando deste xeito en valores como: a retornabilidade, a reutilización, a imaxinación e a sustentabilidade do contorno natural.

+ info. en: *www.xente.mundo-r.com/ni fu ni fa*



### SEN TÍTULO 4X8X6 (TÉCNICA MIXTA SOBRE O ESCENARIO)
Os Monicreques de Kukas

Autor: Marcelino de Santiago “Kukas” / Dirección: Isabel Rey e Kukas / Elenco: Marcelino de Santiago, Helena Fernández, Alba Fernández, Alberte Viveiro, Isabel Rey, Miguel Cabaleiro e Xosé Manuel Botana
Xénero: Teatro infantil/Outros

Espectáculo de gran formato dirixido a todos os públicos que quere transmitir e amosar a maxia da creación artística conxugando as marionetas, a acción de pintar en directo, a informática, o vídeo, a poesía e a música dunha forma sutil, sinxela e divertida. De xeito imaxinativo e poético, os rapaces achéganse a ese momento máximo en que o artista se enfronta ao papel en branco, o lenzo baleiro, ese momento en que as ideas xorden, ás veces buscadas, ás veces de súpeto, e que se mesturan, veñen e van, aparecen e desaparecen, e van conformando unha obra de arte.

+ info. en: *http://kukas.biocultural.net*



### TRISTÁN CARA DE CAN
Compañía do Elefante Elegante

Autores: François Kah, Gonçalo Guerreiro, Helene Gubert e María Torres / Dirección: Elefante Elegante
Elenco: María Torres e Gonçalo Guerreiro / Xénero: Teatro infantil/Xestual

*Tristán* é unha comedia xestual interpretada ao estilo dos debuxos animados. Tristán Cara de Can pasa os días ladrando, sen que o máis pequeno sorriso se debuxe nos seus beizos. Pero un día..., dentro dunha misteriosa caixa, aparece unha boneca de trapo que vai tentalo todo para facer rir o noso personaxe. Será ela capaz?



### UN DÍA DE FORMIGA
Encena Produccións Artísticas

Autor: Eisenhower Moreno / Dirección: Eisenhower Moreno / Elenco: Eisenhower Moreno / Xénero: Teatro infantil/Musical

Historildo, un auténtico contador de historias, desexaba conquistar novos mundos porque a fraga onde vivía lle quedara pequena para os seus soños. A profesora SabeTodo (o ser máis intelixente da fraga) e as súas fórmulas máxicas axudarán a Historildo a embarcar nunha fascinante aventura. Coñecemos así a Formiceira, a formiguiña doceira, que ese día estaba rematando de facer os doces do aniversario do León, cando é sorprendida por unha tempestade de neve.

+ info. en: *www.tal2005.com*



### REI, REI?
Fantoches Baj

Autor: Karel Kapeck / Dirección: Ignacio Vilariño Sanmartín / Elenco: Ignacio Vilariño Sanmartín e Luis Iglesias “Luchi” / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Esta historia sobre por que os merlos ao cantar semellan dicir “rei, rei” foi escrita por Karel Kapeck poñéndose no lugar dos máis desfavorecidos socialmente. Nós aproveitamos para investigar sobre a técnica tradicional dos monicreques de luva e recuperar a súa frescura e rebeldía.



### SEÑOR MUNDO
A Factoría Teatro

Autor: Antoloxía poética / Dirección: Alfredo Rodríguez
Elenco: Rocío González e Toni Salgado / Xénero: Teatro infantil/Outros

O protagonista desta historia é un poeta louco que busca a palabra exacta para o seu poema, a imaxe ideal e polo tanto a beleza para inspirarse, e para iso recorre á natureza. É un poeta despistado e como non atopa o que busca decide preguntarlle a unha toupa, a un paxaro, a un peixe e a unha árbore. Este é o comezo da historia. Nela, os protagonistas van contar como se está a destruír a natureza e vannos achegar ao mundo animal e vexetal da nosa comunidade. A estrutura do espectáculo propón, ademais, unha viaxe polos catro elementos da natureza: aire, auga, terra e lume.



### UN AGASALLO PARA XAQUÍN
Os Monicreques de Kukas

Autor: Marcelino de Santiago “Kukas” / Dirección: Isabel Rey Pousada / Elenco: Marcelino de Santiago “Kukas”, Miguel Cabaleiro Saco, Noé Orosa Díaz e Isabel Rey Pousada / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Espectáculo creado por proposta do Instituto Galego de Consumo que conta a historia de Xaquín, un neno consumista e caprichoso que só se alimentaba de larpeiradas e mercaba sen xeito, ata que o día do seu aniversario vive un pesadelo que o fará reflexionar sobre a súa actitude e cambiar os seus hábitos de vida.

+ info. en: *http://kukas.biocultural.net*



### VALENTINO RUFINI E ÂKIL PILLABÁN DE VIAXE A MILÁN (E VAN SEN UN CAN)
Talía Teatro

Autor: Roberto Salgueiro / Dirección: Roberto Salgueiro
Elenco: Dani Trillo e Diego Rey / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Século XVIII. Italia. O cabaleiro Valentino Rufini, de regreso á súa casa en Milán, é abandonado polo seu criado, que lle marcha cos cartos. Só, carrexando co seu baúl de viaxe e coa faldriqueira baleira, decide pasar a noite nunha casa en ruínas no camiño por onde pasa a carruaxe. No mesmo lugar decide tamén pasar a noite Danniello Pillabán, a quen a súa ama deixou composto, sen cartos e cun baúl cheo de traxes de señora ostentosa vida a menos.

+ info. en: *www.taliateatro.es*



### RINGORRANGO
Pistacatro Productora de Soños

Elenco: Pablo Reboleiro “Trasno”, Aitor Garuz Milla, Xabier García Mera / Xénero: Teatro infantil/Outros

Circo, ritmo, música, humor; todo mesturado nesta hora de diversión asegurada para toda a familia. Malabares con instrumentos musicais, música feita con elementos malabares... Un mundo ao revés onde a ilusión, a alegría e o divertimento camiñan ao ritmo imposto en todo momento polos artistas. Tres cómicos/músicos/malabaristas/acróbatas/bailaríns mesturan todos os seus coñecementos sempre a ritmo dunha música pegadiza e popular que fará que os traseiros dos espectadores non paren nunca de moverse nas súas cadeiras.

+ info. en: *www.pistacatro.com*



### TITIRICIRCUS
Tanxarina Títeres

Autor: Tanxarina / Dirección: Tanxarina / Elenco: Eduardo Rodríguez Cunha e Miguel Borines Fernández
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

*Titiricircus* é o sétimo espectáculo de Tanxarina: xira no mundo tolo e nómade do circo de rúa, as súas personaxes, as súas historias... Trátase dunha lembranza festiva e chea de fantasía do gran circo da carpa alta e bicolor; a historia de dous vellos traballadores daquel circo que lembran agora con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista.

+ info. en: *www.tanxarina.com*



### UN CUENTO VIEJO VUELTO A CONTAR
Títeres Cascanueces

Autores: Lázaro Duyos Jordán e Iroshi Arai
Dirección: Iroshi Arai / Elenco: Lázaro Duyos
Xénero: Teatro Infantil/Monicreques

A lúa e o sol desaparecen misteriosamente. Só un pequeno neno pode rescatalos.

+ info. en: *www.titerescascanueces.net*



### ZAPATOS
Caramuxo Teatro

Autor: Juan Rodríguez / Dirección: Juan Rodríguez
Elenco: Juan Rodríguez e Lara Sarasola
Xénero: Teatro infantil/Outros

Que pasa con todos eses zapatos que xa ninguén usa? Este novo espectáculo para bebés de Caramuxo Teatro conta todas esas historias que levan dentro os zapatos que xa non teñen dono. Unha proposta na que se mestura teatro de actor, narración oral, audiovisual, monicreques, obxectos, sombras e diferentes efectos visuais.

+ info. en: *www.caramuxo.net*



### 30.000
Pisando Ovos

Dirección: Damián Muñoz / Elenco: Erick Jiménez e Ruth Balbís / Xénero: Danza/Contemporánea

Coproducida polo Centro Coreográfico Galego, *30.000* é a terceira obra de longa duración da compañía. O espectáculo convida a unha reflexión sobre o papel do diñeiro na sociedade actual e das relacións entre os cartos e as persoas.




### CONCERTO DESCONCERTO
Entremáns

Dirección: Alexis Fernández / Elenco: Alexis Fernández, Armando Martén, Kirenia Martínez e Caterina Varela
Xénero: Danza/Contemporánea

Poñerlle son ao movemento, deixar escoitar a danza, descubrir un mundo de sensacións onde a música nace do propio intérprete. Nesta peza o público pode verse involucrado, tomando certo protagonismo no transcurso da representación, desarticulando o espazo escénico formal e transformando toda a sala nun espazo en común. Nesta ocasión, a compañía conta ademais co apoio de Mercedes Peón na creación do espazo sonoro.



### COS PÉS NA TERRA (E SÓ COS PÉS)
D2

Autores: Manu Lago, Fran Riveiro e Begoña Cuquejo
Dirección: Manu Lago / Elenco: Fran Riveiro e Begoña Cuquejo / Xénero: Danza/Contemporánea

Camiño sen ton nin son. Non vexo. Estás? Non sei. Ti saberás. Miro só baleiro e estás. O que as palabras non me deixan dicir. Faime un oco, non me poñas o pé diante. Déixame medrar co meu aire. Nazo, medro e desaparezo. Quero berrar en silencio e romper as paredes co son. Non? Non me importa equivocarme, só quero probar. *Cos pés na terra* é un espectáculo completamente visual.

+ info. en: *www.ciad2.com*



### DESENCANTOS
Cía. Internacional D.A.T.A. (Danza e Teatro)

Autores: Ulysses Thay e Fabiana Figueiredo
Dirección: Ulysses Thay e Fabiana Figueiredo
Elenco: Ulysses Thay e Fabiana Figueiredo
Xénero: Danza/Outras

Todo ten inicio coa perda dos pais de Bernardo, un rapaz do gueto que no día do seu aniversario ten que conmemorar unha gran traxedia. Tina é unha rapaza que sempre tivo todo, menos unha resposta que faría a diferenza: quen ela realmente é. Unha resposta complicada para quen sempre tivo a felicidade nos labios e a tristeza no ollar. Un estupro e a historia de ambos levaranos a mudar os seus propios obxectivos. Unha revolta, un amor, un grande encontro da vida.



### DES-MEMORIA2
Disque Danza

Autores: Olga Cameselle, Alfredo Rodríguez, La Canalla, Xoán Anleo e Xesús Valle / Dirección: Olga Cameselle e Alfredo Rodríguez / Elenco: Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle. Convidados: Juan Carlos Otero/Ugia Pedreira
Xénero: Danza/Contemporánea

Cuestión de física ou química? Cuestión do pensamento ou do costume? As definicións, as identidades, os amores, as necesidades, ben, esas cousas... Bioloxía? Ou cultura? Dous seres humanos en escena. Sábense humanos, pertencentes a esa especie ou cando menos diso lémbranse. Un aquel fai que se vaian confrontando entre eles na procura de lembrar como chegaron aquí, neste momento.



### EL CIELO EN MI BOLSILLO
Provisional Danza

Autor: Alejandro Morata / Dirección: Luis Feito 24
Elenco: Alejandro Morata e Carmen Werner
Xénero: Danza/Contemporánea

"Mientras la muerte nos es dada / la vida la vamos construyendo / (ficciones y mitos que llamamos historia) / La nada es una puta que se esconde por dinero / (y todas nuestras ideas son sus hijas) / La realidad es un juego peligroso / (y el azar es una estafa) / Una palmada es un beso entre dos manos / Hablar debería estar prohibido / cuando el beso es el esperanto de las lenguas / Sólo vale tocar tocarnos / tocado hundido / (aún nos queda un poco más de vino y unas risas) / El infierno es el tiempo / (aquí ahora siempre) / No me preguntes por el cielo / abrázame y busca en mis bolsillos". J. Javier Morata.

+ info. en: *www.provisionaldanza.com*



### EL PATITO FEO
Ballet Carmen Roche

Autores: Víctor Ullate Roche e Blas Moya
Dirección: Carmen Roche / Elenco: Ana Ponce, Ron Peri, Federico Plee, Rosina Gil, Gwenaelle Poline, Edgar Chan, Iván Truhín, Amaya Galeote e Reyes Ortega. Colaboracións de Lorena Gallego, Hugo Rosales, Enrique Guijarro e Alejandro Gutiérrez / Xénero: Danza/Neoclásica

Dirixida principalmente a un público familiar e infantil, *El patito feo* trata valores universais como a amizade ou o amor, cun enfoque máxico, dando lugar a un proxecto anovador e cheo de vitalidade. A coreografía, a cargo de Tony Fabre, presenta unha fusión de estilos, desde o clásico e neoclásico, pasando polo contemporáneo, hip-hop e breakdance, para o que conta con bailaríns de primeiro nivel en cada un deles, incluíndo a colaboración dos mellores bailaríns participantes no programa televisivo de *Fama, a bailar.*

+ info. en: *www.carmenroche.net*



### GLIMPSE
Gelabert Azzopardi Companya de Dansa

Dirección: Cesc Gelabert / Elenco: Cesc Gelabert
Xénero: Danza/Contemporánea

Gelabert presenta un só de danza, no que as imaxes de vídeo, proxectadas nun retablo ou multipantalla, dialogan co bailarín durante a representación, ambos acompañados pola música de Carlos Miranda. As proxeccións, para as que se conta coa colaboración do videoartista Charles Atlas, rompen a fronteira entre as reflexións internas do bailarín e o que o espectador ve como resultado.

+ info. en: *www.gelabertazzopardi.com*



### MENOS 1
Pisando Ovos

Dirección: Rut Balbís / Elenco: Rut Balbís
Xénero: Danza/Contemporánea

Menos 1. A resta de dous dáme un 1. Porque falo do que me pasa, porque falo do que sinto, porque vivo un momento de soidade e nunha sociedade de individualidade. Un mundo no que os lados opostos non están tan separados, no que o cambio dun estado ao outro sucede de forma continua, onde o riso se converte en algo triste e a caída nun momento elegante. Traballo no que se confunden as imaxes, onde as formas tornan no que non son, un momento para rir e sentir, un novo intre que sumar. Proposta que se converte nun mundo novo de posibilidades que intentarei gozar.



### MOMENTARI
Nats Nus Dansa

Autora: Claudia Moreso / Dirección: Claudia Moreso e Toni Mira / Elenco: Gema Díaz, Emili Gutiérrez, Joan Palau e Noemi Ventura / Xénero: Danza/Contemporánea

Tari é un estraño personaxe: un coleccionista que nos amosará a súa especial colección, que foi creando ao longo dos anos, dedicando moito tempo a observar, sentir e descubrir onde se escondía a verdadeira felicidade...

+ info. en: *www.natsnus.com*



### NEGRO
Cía. Daniel Abreu

Autor: Daniel Abreu / Dirección: Daniel Abreu
Elenco: Daniel Abreu, Andrea Quintana, Janet Novás e Anuska Alonso / Xénero: Danza/Contemporánea

Cada cousa que ven os ollos é diferente, cada cousa que é escoitada é diferente, cada caricia e cada posta de sol. A ventá ofréceme unha paisaxe para lles regalar aos outros, a ti, porque non che pertence o meu atardecer, este só o vexo eu. É meu o atardecer que ven os meus ollos, pero é para ti. Tratarei de explicarcho, aínda que cada vez que cho explique será diferente.




### NEXUS6
Branca Novoneyra

Autora: Branca Novoneyra / Dirección: Branca Novoneyra
Elenco: Branca Novoneyra, Iria Pinheiro, Isaac Garabatos, Jesús Andrés / Xénero: Danza/Contemporánea

Dúas *replicantes* da órbita de *Blade Runner* bailan, cantan e contan sobre o desexo como desobediencia, perigo, castigo ou desaparición; tamén como transformación, como manifestación da liberdade de acción non controlada polo sistema. Dúas visións críticas sobre o asfixiante control social no marco globalizado, sobre a imposibilidade de desexar fóra do permitido, do que non é subversivo. *Nexus6* preséntase en tres partes sucesivas: *Pris* (traballo de composición coreográfica baseada na mestura de códigos de danza contemporánea), *Viaxe* (instalación audiovisual sobre música en directo) e *Rachel* (peza apoiada na linguaxe do cabaré e da danza-teatro).

+ info. en: *www.brancanovoneyra.com*

# EN BREVE

### IVÁN PRADO PARTICIPA XUNTO A LEO BASSI NO FESTIVAL DE CIRCO DE CARACAS

O director do Festiclown e da compañía Os 7 Magníficos + 1, o galego Iván Prado, actuou como asistente cómico do pallaso Leo Bassi en varios espectáculos de rúa que o actor italiano presentou dentro do Festival de Circo de Caracas, que tivo lugar o pasado mes de decembro.

Este encontro circense, que está organizado polo Ministerio do Poder Popular para a Cultura, incluíu –ademais da exhibición de montaxes de compañías emblemáticas neste xénero como Chacovachi e Maku Jarrak, Chipolatas ou Acrobático Fratelli– conferencias, obradoiros e contactos entre profesionais. O festival transcende ademais o ámbito artístico para constituírse nunha oportunidade especial para o achegamento á realidade social do país.

Esta non é a primeira vez que se dá a colaboración entre Prado e Bassi, xa que os dous cómicos manteñen vínculos profesionais desde tempo atrás. Nos seus traballos e actitudes persoais ambos defenden os valores dos dereitos humanos e a xustiza social.

### O SALÓN TEATRO ACOLLE EN FEBREIRO UN CICLO DE CIRCO EUROPEO

O escenario do Salón Teatro de Santiago de Compostela acolle en febreiro un ciclo de circo contemporáneo, dentro do que amosarán os seus traballos un total de catro colectivos que se dedican dentro e fóra de Galicia ás distintas tendencias que caben dentro deste xénero escénico.

Baixo o título de *Circo en escena*, o ciclo desenvolverase do 5 ao 20 de febreiro, e comprenderá os espectáculos *Malgama*, unha montaxe de circo flamenco a cargo da compañía andaluza Varuma Teatro (días 5 e 6), á que seguirá *Contigo*, unha proposta que mestura circo con danza contemporánea e que vén asinada polos portugueses O Último Momento, especialistas en mastro chinés (días 7 e 8).

A representación galega nesta mostra está garantida coa participación do dúo pontevedrés Maquinaria Pesada, que estreará os días 14 e 15 de febreiro o espectáculo de *clown* titulado *As vingadoras*. O broche final porao a agrupación francesa Ieto, da que son protagonistas Jonathan Guichard (funámbulo) e Fnico Feldam (acróbata), que presentarán o seu espectáculo de circo contemporáneo os días 19 e 20 de febreiro.

### ‘ANIMALES ARTIFICIALES’, DE MATARILE, NO FESTIVAL DON QUIJOTE DE PARÍS

O espectáculo *Animales artificiales*, de Matarile Teatro, presentouse con grande éxito o pasado 26 de novembro no Café de la Danse de París, dentro do prestixioso festival galo Don Quijote.

A compañía que integran Ana Vallés, Helen Bertels, José Campanari, Mónica García, Mauricio González, Iván Marcos, Ricardo Santana, Hugo Portas e Ramón Vázquez viaxou á capital francesa para levar a cabo unha única representación da súa montaxe, que quedou encaixada como parte da distribución exterior que está a obter. De feito, Matarile visitou xa con este espectáculo Málaga e Madrid; e nos próximos meses estará tamén en Leoia, Basauri, Pamplona, Donosti, Valladolid, O Porto, Elorrio, Amorebieta e Durango.

### O CDG XUNTA A QUICO CADAVAL E MANUEL LOURENZO PARA ‘AS DUNAS’

Os talentos creativos dos polifacéticos Manuel Lourenzo e Quico Cadaval xuntaranse para a próxima produción do Centro Dramático Galego (CDG), *As dunas*, que se presentará no Salón Teatro de Santiago entre os próximos 6 de marzo e 5 de abril. Lourenzo, recente Premio Nacional da Cultura na categoría de Artes Escénicas e actual dramaturgo residente do CDG para a temporada 2008-2009, asumirá a autoría da obra, en tanto que Cadaval se ocupará da dirección de escena desta nova proposta que ambos os artistas presentan como “un cabaré sobre o paraíso perdido”.

Na trama de *As dunas* desenvólvese unha viaxe pola Mariña luguesa da man dunha tropa estrafalaria. Músicos, danzantes e cantores, concentrados nunha vella nave industrial en desuso, a ensaiar números musicais para un *spa* que vai ser a revolución da zona. Jazz e funaná, amor, explotación e aventura na raia costeira da Mariña oriental, desde Barreiros á Ponte dos Santos.

### BERNARDINO GRAÑA ACADOU O PREMIO ESTORNELA DE TEATRO INFANTIL

Bernardino Graña Villar gañou o Premio Estornela de Teatro para Nenos e Nenas 2008 coa obra presentada baixo o lema *Larpancia saborosa do lobo e a raposa*, unha fábula versificada para ser representada con monifates, marionetas ou actores.

O premio, dotado con 1.500 euros e a publicación da obra en Edicións do Castro, é

**ELES E ELAS CÓNTANNOLO**

## DENDE O PARAÍSO





NOME: Almudena Bolaño Couselo

IDADE: 22

OCUPACIÓN: Estudante

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque é moi entretido e gústame ver as actuacións en vivo.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *As últimas lúas*, de Lagarta, Lagarta.



NOME: Lucía Ibáñez Torres

IDADE: 21

OCUPACIÓN: Estudante de Fotografía

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me evade e me achega outros puntos de vista sobre a vida.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Animales artificiales*, de Matarile Teatro.



NOME: José Luis García Miranda

IDADE: 33

OCUPACIÓN: Actor e artista plástico

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque valoro a arte en vivo, o cara a cara, a química co artista.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Chicho e a Santa Compaña*, de Lambríaca Producións.

convocada cada dous anos pola Fundación Neira Vilas, xa que a súa concesión alterna co Arume de Poesía Infantil.

Bernardino Graña, autor de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega, exemplifica na súa obra galardoada o mundo dos contrastes, contrapoñendo de xeito humorístico o reino animal fronte ao humano, ou a inxenuidade fronte á ambición.

O xurado do premio valorou a incorporación do verso nesta proposta teatral, que busca un ambiente bucólico no que a lingua xoga un papel moi importante, con expresión e léxico propios do galego máis patrimonial.

## O CCG ESTREA EN MARZO 'GISELIÑA', CON DIRECCIÓN DE CISCO AZNAR

O Centro Coreográfico Galego (CCG) estrea o 7 de marzo, no Teatro Rosalía Castro da Coruña, a súa terceira produción propia. Trátase de *Giseliña*, unha libre adaptación de *Giselle*, dirixida polo coreógrafo catalán afincado en Suíza Cisco Aznar e na que participa un elenco de trece bailaríns e bailarinas, cinco deles galegos.

Aznar quere plasmar nesta nova creación algúns dos ideais do romanticismo na época cargada de "racionalismo snob na que vivimos", di. O coreógrafo afirma que nesta elección tivo un papel importante a temática da obra orixinal, que coincide con certos códigos da cultura popular galega, e algúns dos ideais románticos, que se adaptan plenamente á súa propia visión creativa.

O propio director seleccionou a través dunha audición pública internacional o seu equipo de traballo, do que forman parte trece bailaríns, cinco deles galegos. Pablo Palacio na composición musical, Laure Dupont na asistencia de coreografía, Antón Vázquez no deseño de iluminación e Luis Lara no deseño de escenografía, vestiario e máscaras completan o equipo de *Giseliña*.

A produción conta ademais coa colaboración do Centro Párraga de Murcia, de La Laboral de Xixón e do Concello da Coruña.

## TERESA G. COSTA E XOSÉ A. NEIRA CRUZ, PREMIOS CUNQUEIRO, MANUEL MARÍA E BARRIGA VERDE 2008

Teresa González Costa resultou gañadora da edición 2008 dos premios Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e Manuel María de Literatura Dramática Infantil polas obras *Sempre quixen bailar un tango* e *Pingueiras e tarteiras*, respectivamente, mentres que Xosé A. Neira Cruz se alzou co Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques na modalidade de teatro para rapaces con *O punto da escarola*.

Os tres galardóns de literatura dramática están convocados pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), ao igual que o Barriga Verde na categoría de teatro para adultos, que quedou deserto na devandita edición.

Ambos os gañadores recibirán unha dotación económica de 6.000 euros por cada un dos premios. Ademais, segundo establecen as bases, os tres textos poderán ser publicados pola AGADIC nalgunha das coleccións dramáticas que mantén abertas en colaboración con diferentes editoriais galegas.

## O TEATRO GALEGO, PROTAGONISTA NA MUESTRA DE TEATRO DE LAS AUTONOMÍAS DE MADRID

Galicia será a protagonista da Muestra de Teatro de las Autonomías, que se desenvolverá no Círculo de Bellas Artes de Madrid do 3 ao 29 de marzo de 2009. Esta será a décimo terceira edición deste encontro, que cada ano concita na capital do Estado o interese polas propostas artísticas no ámbito escénico que se xeran fóra de Madrid.

A dirección artística da mostra realizou a selección dos oito espectáculos galegos participantes, que compartirán carteleira con outras cinco propostas chegadas de Estremadura. As compañías e montaxes galegas que se presentarán no Teatro Fernando de Rojas e na Sala de Columnas –escenarios situados na sede da céntrica rúa Alcalá– son Teatro do Atlántico, con *Unha primavera para Aldara*; Teatro de Ningures, con *Bailadela de la muerte dichosa*; Teatro do Noroeste, con *Extrarradios*; Sarabela Teatro, con *Margar en la mansión del tiempo*; Teatro do Morcego, con *El club de la calceta*; PT Excéntricas, con *No comment (obra)*; e Centro Dramático Galego, con *Noche de Reyes*.

## A FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS POSIBILITA A SAÍDA AO EXTERIOR DE 20 ESPECTÁCULOS GALEGOS

As comunidades autónomas de Valencia, Madrid, Andalucía, Castela e León, Castela-A Mancha, Murcia, Euskadi, Aragón e Cataluña e as localidades portuguesas de Estarreja, Moita e O Porto programarán nos vindeiros meses un total de 143 funcións de teatro e danza galegas, a raíz dos contratos pechados con motivo da Feira Galega das Artes Escénicas.

Organizada pola AGADIC, a Feira 2008 pechou cun balance moi positivo, xa que supuxo un aumento de máis do oitenta por cento nas transaccións respecto á edición de 2007, o que posibilitará a exhibición en 26 cidades de España e Portugal de 20 espectáculos (16 de teatro e 4 de danza) producidos por 18 compañías galegas.

As compañías e montaxes que accederán por esta vía a escenarios, programacións, festivais e redes escénicas de fóra de Galicia son: Acontrabutaca, con 13 funcións de *Robin Hood*; Artello Teatro Alla Scala 1:5, con 6 de *Pulgarcito*; BStudio, con 1 de *Sono Silente*; Berrobambán, con 12 de *Boas noites*; Carlos Blanco-Abada, con 2 de *Africanízate*; Entremáns, con 11 funcións (9 de *Vén* e outras 2 de *El buey solo bien se lame*); Galitoon Productions, con 2 de *Golulá*; Matarile Teatro, con 12 de *Animales artificiales*; Nova Galega de Danza, con 12 de *Tradicción*; PT Excéntricas, con 4 de *No comment (obra)*; Sarabela Teatro, con 2 de *Dáme veleno*; Talía Teatro, con 2 de *¿Y tú quién eres?*; Teatro D2, con 2 de *Flores migratorias*; Teatro de Ningures, con 2 de *Bailadela da morte ditosa*; Teatro do Atlántico, con 1 de *Unha primavera para Aldara*;Teatro do Morcego, con 50 funcións (26 de *O club da calceta* e outras 24 de *Os patios da memoria*); Teatro do Noroeste, con 2 de *Extrarradios*; e Trompicallo, con 6 funcións de *Bolboreta*.



NOME: Julia Martínez Feijóo

IDADE: 21

OCUPACIÓN: Estudante

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque é unha oportunidade de ver un espectáculo en directo e, como me gusta a literatura, unha posibilidade de ver as obras que me gustan.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Emigrados*, de Teatro de Ningures.



NOME: Alberto Sánchez Caseiro

IDADE: 22

OCUPACIÓN: Estudante

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque sempre me gustou ler teatro e cando teño oportunidade vou ver unha obra.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Emigrados*, de Teatro de Ningures.



NOME: Xosé Míguez Quintela

IDADE: 34

OCUPACIÓN: Auxiliar de tráfico aéreo

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque penso que é unha arte moi interactiva entre o público e os actores, e participas máis da actuación.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Noite de Reis*, do CDG.



NOME: María Vázquez Parcero

IDADE: 32

OCUPACIÓN: Dependenta

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me parece unha opción moi interesante ver a actuación máis de preto.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Noite de Reis*, do CDG.



NOME: Joan Carlas García Puigdollers

IDADE: 34

OCUPACIÓN: Avogado

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque sempre me sorprendeu como a xente é quen de expresar cousas en público, cos movementos, coa expresión da cara...

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Bailadela da morte ditosa*, de Teatro de Ningures.



### NUEVAMENTE ANTE TI FASCINADO
Cía. Daniel Abreu

Autores: Daniel Abreu e Roberto Leal / Dirección: Daniel Abreu / Elenco: Roberto Leal e Daniel Abreu
Xénero: Danza/Contemporánea

Neste traballo mestúrase o texto falado e o do movemento, ante a idea común das aparencias. Unha escusa para contar e falar da exposición, do mundo da revista, de Vicente, do final, do amor, dos anhelos, da risa... Para falar dun mundo no que un podería chegar a ser calquera cousa, e esquecerse de quen é en realidade, ou non.



### OVER THE RAINBOW
David

Autor: David Loira García
Dirección: David Loira García
Elenco: David Loira García
Xénero: Danza/Contemporánea

Camiñando sobre o arco da vella.



### RIZOMA
Javier Martín

Autor: Javier Martín / Dirección: Javier Martín
Elenco: Javier Martín / Xénero: Danza/Contemporánea

A pelO:

... nO es a mí a quien cOmpras, ¡es mi libertad!

Y mi libertad me pertenece,

hago lO que quierO;

¡la pisOteO! si quierO. ¡La vOmitO! (...)

+ info. en: *www.javiermartín.com*



### SONO SILENTE
BStudiodanza

Autora: Dolores Mayán / Dirección: Dolores Mayán
Elenco: Emilia Pardo, Vanessa Otero, Natalia Iglesias e Celia Mayer / Xénero: Danza/Contemporánea

Obra de danza-teatro de mediano formato e para todos os públicos que, inspirada no cine silente dos anos vinte e trinta, toma como referencia a potente imaxe da actriz Louise Brooks e dous dos seus filmes máis coñecidos: *The Canary Murder Case* e *Pandora's Box*. Unha análise da imaxe estereotipada da muller no discurso cinematográfico da época, para describir e clasificar os roles que se lles asignaban aos papeis femininos. Este proceso ten como obxecto cuestionar o sentido da muller, tanto como figura dentro da pantalla, como creadora fóra dela.

+ info. en: *www.bstudiodanza.com*



### ...TABÚ RESORTE...
Javier Martín

Autor: Javier Martín / Dirección: Javier Martín
Elenco: Javier Martín / Xénero: Danza/Contemporánea

nO, nO, nO... El dOlOr es míO y puedO dispOner de él.

CuandO el dOlOr ataca puede unO curar mejOr una serie de cOsas...

QuierO pensar cOn claridad; quierO verlO tOdO sentirlO tOdO y

entOnces... entOnces nO me impOrtará irme... Días pimienta (...).

+ info. en: *www.javiermartín.com*



### TRADICCIÓN
Nova Galega de Danza

Autores: Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer / Dirección: Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer / Elenco: Lorena Ballesteros Rodríguez, Emma Cabañas Hidalgo, Alba Vázquez Gómez, Laura García-Vera Valiente, Iván Villar Agulleiro, Vicente Colomer Busoms, Jaime Pablo Díaz Rodríguez (corpo de baile); Pedro Lamas, Xabier Díaz/ Toño Domínguez, Suso Iglesias, Ricardo Rozas, Miguel Queixas, Juan Collazo (músicos en directo)
Xénero: Danza/Contemporánea

Nova Galega de Danza atópase inmersa nun proceso de achegamento á danza tradicional máis pura, para reinventarse a si mesma, imbuírse da nosa cultura máis primaria e dar un paso máis nunha danza contemporánea de marcado carácter galego. O feito de que en Galicia se baile dun xeito determinado e se faga unha música concreta define a nosa identidade. A nosa singularidade como bailaríns e músicos radica nesa identidade e é aquí onde nace *Tradicción*.

+ info. en: *www.novagalegadedanza.com*



### VALLE ROSA
Cía. Galega de Danza Contemporánea-Ballet Jesús Quiroga

Autor: Jesús Quiroga / Dirección: Jesús Quiroga
Elenco: Ana Belén Ferreiro, Eva Faraldo, Iris Pintos e Jesús Quiroga / Xénero: Danza/Contemporánea

*Valle rosa* preséntase en dous actos. O primeiro, "Valle", está baseado na obra *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, onde Galicia é a alma enteira chea de esperanza e xuventude propia da vida que comeza, aquí acompañada polas personaxes entrelazadas coa poesía e a música, de gran beleza e orixinalidade. "Rosa", o segundo acto, inspírase tamén na obra poética de Rosalía de Castro, neste caso, en *Follas novas*, onde a poeta expresa que "o sol da vida é o mesmo que ilumina o mundo que habitamos, que non loce nos seus albores da mesma sorte que cando se vai poñer tristemente, envolto antre as nubes do postremo outono".

+ info. en: *www.jesusquiroga.com*



### VUELO 6408
Pisando Ovos

Autores: Natxo Montero, Sharon Fridman, Janet Novás, Rut Balbis e David Loira / Elenco: Álvaro Esteban, Natxo Montero, Igor Calonge, Janet Novás, Rut Balbís, Carlos Fernández e Sharon Fridman
Xénero: Danza/Contemporánea

Espectáculo composto por catro pezas curtas de catro compañías diferentes que, a raíz da súa participación no Certame Coreográfico de Madrid, deciden coller o mesmo voo e representar as súas creacións conxuntamente. *Cuadra-t*, de Natxo Montero; *Se va del Aire*, de Janet Novas; *No intre 1800* (fragmento), de Pisando Ovos, e *Carlos & me*, de Sharon Fridman compoñen *Vuelo* 6408, unha oportunidade de achegarse a catro visións coreográficas diferentes que foron recoñecidas con varios galardóns, como o primeiro e o segundo premios, así como o premio do público, no Certame Coreográfico de Madrid 2007.



### AMOR E DANZA NA EUROPA DAS NACIÓNS
Grupo de Música Antiga 1500

Dirección: Andrés Díaz Pazos / Xénero: Música de cámara

Viaxe musical de ida e volta á Península Ibérica na época do Renacemento. Os viaxeiros terán a oportunidade de escoitar músicas das nacións europeas enormemente variadas e de gran calidade. O XVI é sen dúbida un século dourado na arte europea, e no eido da música en concreto. Mesturando unha canción de corte amoroso e unha danza característica de cada país, a viaxe rematará en Portugal e Galicia. Cara ao final, soará un motete inédito de Alonso Ordóñez, un dos primeiros mestres de Capela de Santiago de Compostela: o *Iste est Alfei Iacobus*.

+ info. en: *www.vigo430.com*



### AS CATRO ESTACIÓNS DE VIVALDI
Ensemble Vigo 430

Dirección: Alejandro Garrido / Xénero: Música de cámara

Un programa que non necesita presentación: as moi coñecidas *Catro estacións* de Vivaldi nunha vivaz interpretación do Ensemble Vigo 430. O programa xira arredor da música barroca, xa que a obra do galego Manuel Quiroga é unha hábil recreación dos concertos de violín desta época, igual que Eligio Vila utiliza unha das formas musicais máis frecuentes da época barroca. Completa o programa un fermosísimo *concerto grosso* de Locatelli.

+info. en: *www.vigo430.com*



### NACIONALISMO-IMPRESIONISMO / NATALIS
Dúo Décima-Cerviño (piano a catro mans)

Autor: A. Cerviño Xénero: Música de cámara

*Nacionalismo-Impresionismo*: O Nacionalismo (s. XIX-XX) revalorizou os cancioneiros populares universais de transmisión oral e mesmo compartiu protagonismo musical con outras correntes estéticas da época como o Impresionismo. A obra *Cantares galegos* de A. Cerviño foi ideada co propósito de ennobrecer a nosa música tradicional de Galicia, levándoa ás salas de concertos.

*Natalis*: Orixinal ciclo musical para piano a catro mans inspirado nos cantos de Nadal de Europa e América. Nun repertorio suxestivo, conxúganse melodías célebres con outras menos difundidas mesmo no seu país de orixe. Trátase dunha obra descritiva que pretende evocar como festexan o Nadal e a Epifanía os diversos pobos de tradición cristiá, tanto desde a vertente relixiosa como profana.

# O TEATRO GALEGO EN MADRID

## MUESTRA DE TEATRO DE LAS AUTONOMÍAS

CÍRCULO DE BELLAS ARTES
DO 3 AO 29 DE MARZO DE 2009

Teatro D2
**FLORES MIGRATORIAS**
5 e 6 marzo: 22 h



Teatro do Atlántico
**UNHA PRIMAVERA PARA ALDARA**
5 e 6 de marzo: 20 h



Teatro do Morcego
**EL CLUB DE LA CALCETA**
6 e 7 de marzo: 22 h



Teatro de Ningures
**BAILADELA DE LA MUERTE DICHOSA**
7 de marzo: 20 h
8 de marzo: 18 h





Teatro do Noroeste
**EXTRARRADIOS**
19 e 20 de marzo: 20 h



Sarabela Teatro
**MARGAR EN LA MANSIÓN DEL TIEMPO**
21 de marzo: 20 h
22 de marzo: 18 h



Centro Dramático Galego
**NOCHE DE REYES**
26 e 27 marzo: 20 h



PT Excéntricas
**NO COMMENT (OBRA)**
28 de marzo: 20 h
29 de marzo: 18 h

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

¡MADRID!

CÍRCULO DE BELLAS ARTES



# PROGRAMACIÓN

xaneiro-xuño 2009

Teatro de actor

Teatro de monicreques

Danza

Música de cámara

Maxia

## rede galega de salas

SALA NASA. SANTIAGO DE COMPOSTELA
SALA SANTART. SANTIAGO DE COMPOSTELA
SALA THE STAR. CARRAL
TEATRO ARTE LIVRE. VIGO
TEATRO DEL ANDAMIO. A CORUÑA
TEATRO ENSALLE. VIGO
TEATRO ESCENA. SANTIAGO DE COMPOSTELA

50 formacións artísticas
62 espectáculos
155 funcións

## REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

67 formacións artísticas
80 espectáculos
394 funcións

ARTEIXO
BETANZOS
CARBALLO
CEE
A CORUÑA. IMCE
A CORUÑA. TEATRO COLÓN
CULLEREDO
OLEIROS
SADA

CEDEIRA
FERROL
NARÓN
ORTIGUEIRA
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
SAN SADURNIÑO

AMES
BOIRO
A ESTRADA
LALÍN
MUROS
NOIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

BURELA
FOZ
LUGO
MONFORTE DE LEMOS
RIBADEO
VIVEIRO

O BARCO DE VALDEORRAS
O CARBALLIÑO
OURENSE. AUDITORIO MUNICIPAL
OURENSE. TEATRO PRINCIPAL
RIBADAVIA

CAMBADOS
PONTEVEDRA
SANXENXO

CANGAS
REDONDELA
TUI
VIGO. CAIXANOVA
VILAGARCÍA DE AROUSA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
AGADIC
Axencia Galega das Industrias Culturais